

Evolución dos **Filóns de Emprego** en Galicia



Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

María Luisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Rosa M^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
Tomás González Mouríño
M^a del Mar Martínez Besada
Berta Martínez Seijo
M^a Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M^a Belén Yáñez Barge

Equipo auxiliar:

María Jesús Iglesias Ferreiro
Francisco de Cal Pose
Marta López Fernández
M^a José Porto Pardiñas

Dep. legal:

C 4055-2010

Diseño e maquetación:

icreacion.com

Impresión:

Tórculo Artes Gráficas, S. A.



Evolución dos
Filóns de Emprego
en Galicia

presentación

O mercado laboral é un escenario cambiante e complexo, determinado en gran medida polas estruturas produtivas locais, e condicionado polas variacións de ciclo económico.

A realización de estudos neste senso permítenos analizar de que xeito o contorno socioeconómico inflúe na marcha das distintas actividades empresariais e como repercute directamente na creación ou destrución de postos de traballo.

A síntese de resultados positivos permitiríanos apuntar cara a unha serie de posibles nichos de emprego que se deberán potenciar na nosa comunidade autónoma, ao se converteren en oportunidades de negocio e novas saídas profesionais.

Desde a Consellería de Traballo e Benestar consideramos tamén fundamental potenciar o investimento en capital humano a través da vía dos certificados de profesionalidade, ao proporcionar unha formación acreditable que achegaría un valor engadido á hora de buscar emprego.

Este estudo combina estes dous aspectos, tratando de determinar que ámbitos contan con mellores perspectivas de emprego en Galicia e apostando cara a unha formación de calidade. Obter conclusións acerca disto axúdanos a formular unhas políticas activas de emprego eficientes que repercutirán nos galegos e galegas de xeito beneficioso.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

Índice

1. Introducción	7
2. Novos filóns de emprego.....	11
3. Análise e criterios metodolóxicos.....	19
A. Metodoloxía	21
B. Indicador de tendencia	23
C. Indicador de ocupabilidade.....	23
4. Aplicación dos indicadores do mercado de traballo nos filóns de emprego en Galicia	25
A. Ocupacións máis contratadas en Galicia no ano 2009	27
B. Análise dos indicadores de tendencia e ocupabilidade	29
C. Saldo neto: superávit ou déficit de contratados.....	31
D. Síntese na aplicación dos indicadores	32
5. Análise contractual dos grupos ocupacionais dos filóns de emprego con mellores perspectivas	35
5.1. Servizos a domicilio	37
5.2. Atención á infancia	40
5.3. Novas tecnoloxías da información e da comunicación.....	43
5.4. Axudas a mozos con dificultades de inserción	46
5.5. Mellora da vivenda	48
5.6. Transportes colectivos locais	51
5.7. Turismo	52
5.8. Desenvolvemento cultural local.....	55
5.9. Deportes.....	58
5.10. Tratamento de residuos/xestión da auga	59
5.11. Protección e mantemento das zonas naturais.....	61
5.12. Enerxías alternativas.....	63
5.13. Conclusións e consideracións da análise dos filóns.....	64
6. Perspectivas dos novos filóns de emprego nas comarcas galegas.....	65
6.1. Táboa de resultados por comarcas	69

7. Análise contractual doutras actividades económicas con boas perspectivas de emprego non incluídas nos filóns	77
7.1. Agrogandeiro	79
7.2. Marítimo-pesqueiro	83
7.3. Fabricación mecánica	87
7.4. Organización e administración de empresas	90
7.5. Enxeñaría	92
7.6. Outras consideracións	95
8. Certificados de profesionalidade	97
8.1. Papel dos certificados de profesionalidade	99
8.2. Niveis de cualificación	100
8.3. Certificados de profesionalidade relacionados con actividades económicas con boas perspectivas de emprego	101
9. Síntese final e conclusións	113
9.1. Síntese final de resultados	115
9.2. Cadro-resumo	117
9.3. Conclusións	127
ANEXOS	
ANEXO I: Novos filóns de emprego-Grupos ocupacionais	129
ANEXO II: Nota metodolóxica	145
ANEXO III: Certificados de profesionalidade publicados	153

1

introducción



1. Introducción

O Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo nos últimos anos diversos estudos sobre o mercado laboral galego, estudos que se van complementando coa aparición de diversas aplicacións web¹ que tratan de axilizar e facilitarlle ao usuario a busca de información sobre as variables que caracterizan o noso mercado de traballo.

No ano 2002 publicouse un estudo titulado *Ocupacións desde a perspectiva dos novos filóns de emprego*, un traballo que realizaba unha análise da implantación dos filóns de emprego na nosa comunidade autónoma.

O tempo transcorrido desde a aparición do termo “NOVOS FILÓNS DE EMPREGO” vén confirmando a solidez dos cambios demográficos, sociais e económicos que se sinalaban na súa concepción. Así mesmo, conséntase que moitas das actividades salientadas están mostrando ritmos de crecemento e xeración de emprego. Esta circunstancia redundaría na propia esencia dos filóns ao constituírse no seu momento como unha proposta dirixida a xerar emprego que satisfaga, amplíe e mellore a calidade de vida cidadá.

Por outra banda, consideramos oportuno tratar de establecer a relación entre os ditos ámbitos e os novos certificados de profesionalidade publicados, ao ser esta unha formación de calidade que repercutiría nunha maior produtividade dos profesionais das distintas actividades económicas relacionadas, obtendo ademais unha formación acreditada que facilitaríaa a súa busca de traballo.

Deste xeito abriríase unha nova posibilidade de inserción e/ou reinserción laboral para persoas que traballan nestes ámbitos sen acreditación profesional, ou como posible vía de reciclaxe para traballadoras e traballadores provenientes doutros sectores máis afectados pola actual situación socioeconómica, que poderían atopar unha nova saída profesional.

¹ Enderezo web, <http://emprego.xunta.es/cualificaciones/>



**novos filóns
de emprego**



2. Novos filóns de emprego²

O Libro Branco *Crecedemento, competitividade e emprego. Retos e pistas para entrar no século XXI* (Comisión 1993) é o primeiro documento dunha institución internacional que presentou esta pista (dos novos filóns de emprego) como unha das posibles de cara á creación de emprego.

A partir dunha enquisa de análise de experiencias levada a cabo na UE en 1994 e formalizando as propostas do Libro Branco, a Comisión Europea (1995) ordenou estes ámbitos en catro grandes apartados “**vida diaria**”, “**mellora da calidade de vida**”, “**cultura e ocio**” e “**protección do medio natural**”, subdividíndose nunha serie de ámbitos.

Os 17 ámbitos expostos son os novos filóns de emprego propostos pola Comisión Europea no seu documento sobre as *Iniciativas locais de desenvolvemento e emprego* de 1995 que desenvolve o Libro Branco *Crecedemento, competitividade e emprego*.

Nos últimos traballos da Comisión inclúense dous máis: **enerxías alternativas e deporte**.

Apartados/ámbitos dos filóns de emprego

SERVIZOS DA VIDA DIARIA	SERVIZOS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA
<ul style="list-style-type: none"> • Servizos a domicilio • Atención á infancia • Novas tecnoloxías da información e da comunicación • Axudas a mozos/as con dificultades de inserción 	<ul style="list-style-type: none"> • Mellora da vivenda • Seguridade • Transportes colectivos locais • Aproveitamento dos espazos públicos urbanos • Comercios de proximidade
SERVIZOS CULTURAIS E DE OCIO	PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL
<ul style="list-style-type: none"> • Turismo • Sector audiovisual • Patrimonio cultural • Desenvolvemento cultural local • <i>Deportes</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Tratamento de residuos • Xestión da auga • Protección e mantemento das zonas naturais • Regulación e control da contaminación e instalacións correspondentes • <i>Enerxías alternativas</i>

² Para o desenvolvemento deste apartado, utilizouse como fonte de consulta a publicación *Nuevos yacimientos de empleo en España*. Lorenzo Cachón Rodríguez e Fundación Tomillo. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Entre as actividades que se desenvolven nestes dezanove ámbitos, podemos citar as seguintes:

Servizos a domicilio

- acompañamento e prestación de servizos a persoas maiores ou a discapacitados (físicos ou psíquicos) no seu domicilio;
- servizos a persoas enfermas no domicilio;
- preparación e distribución de comidas a domicilio;
- entrega de mercadorías a domicilio ou servizos de acompañamento das persoas maiores ou discapacitados durante os seus desprazamentos ao exterior;
- servizos de limpeza e pasada de ferro;
- servizos administrativos (traballos de escritura, de acompañamento durante xestións administrativas, etc.).

Coidado dos nenos

- o coidado e educación de nenos que non alcanzaron a idade de escolaridade obrigatoria, sexa unha atención regular (gardarías, escolas infantís, xardíns de infancia, etc.), ocasional (gardarías ocasionais, coidados de nenos enfermos, etc.) ou durante as vacacións (zona de xogos, xardíns temporais, estancias deportivas ou educativas, etc.);
- e os servizos de atención ou entretemento para os que están en idade escolar (actividades deportivas, recreativas e culturais, etc.).

Novas tecnoloxías da información e da comunicación

- servizos a particulares (no campo da cultura, da saúde, da comunicación, do ocio, formación a distancia, teletraballo, etc.);
- servizos ás empresas (información económica, servizos comerciais, contabilidade a distancia, asistencia especializada, etc.); e
- servizos públicos (teleservizos, acceso a bases de datos, servizos administrativos de información, etc.).

Axuda a mozos/as con dificultade de inserción

- empresas de inserción;
- axudas nos deberes escolares;
- centros de inserción profesional;
- educación de rúa;
- escolas obradoiro e obradoiros de emprego.

Mellora de vivenda

- rehabilitación de vivendas en núcleos antigos das cidades (con frecuencia de valor histórico);
- a renovación de vivendas en barrios obreiros das cidades;
- rehabilitación doutras vivendas;
- o mantemento de vivendas e dos servizos conexas.

Seguridade

- vixilancia e acollida en lugares públicos ou transportes colectivos;
- instalación de sistemas de seguridade en casas particulares ou empresas.

Transportes colectivos locais

- o autobús urbano ou interurbano;
- o metro;
- o ferrocarril de proximidades.

Postos de emprego directos vinculados á innovación tecnolóxica (comodidade técnica, accesibilidade para discapacitados)

Postos de emprego derivados:

- Nova organización do transporte colectivo urbano (empresas multiservizos, abastecemento, mantemento de vehículos, asociacións locais de buses e taxis).
- Acompañamento, seguridade, información (acollida, asesoramento, turismo) ou mesmo vixilancia de vehículos (aparcadoiros con talleres de reparación, lavado de vehículos...).

Revalorización de espazos públicos urbanos

- rehabilitación de espazos públicos, especialmente centros históricos de cidades;
- mantemento dos espazos públicos.

Ao falar de espazos públicos urbanos, hai que facer referencia, por un lado, aos espazos libres (xardíns, parques, zonas deportivas e de recreo, áreas peonís, áreas de xogo e recreo, áreas de ocio cultural ou recreativo, prazas) e, por outro, á rede viaria (aparcadoiros, sistemas de comunicacións urbanas, estacionamentos).

Comercio de proximidade

Neste ámbito faise unha *reflexión sobre os cambios de distribución e organización comercial*, sen que se trate como actividade xeradora de emprego en si mesma. O comercio tradicional subsiste con outras formas de comercio (mercados retallistas, autoservizo, hipermercados, franquías, centros comerciais), aínda que mantén a súa importancia no medio rural, sobre todo cando se desenvolve ligado a outros novos filóns de emprego, como os produtos agroalimentarios artesanais, ecolóxicos e o turismo.

Turismo

Fai referencia aos **“novos fenómenos turísticos”**:

- turismo rural (ecoturismo, agroturismo);
- turismo cultural;
- turismo deportivo ou de aventura;
- turismo de saúde ou especial para determinados colectivos (terceira idade, etc.).

Sector audiovisual

- produción de películas;
- distribución de películas;
- exhibición de películas;
- produción de programas de televisión;
- difusión de programas de televisión;
- comercialización e distribución de vídeo;
- e a industria auxiliar.

Valorización do patrimonio cultural

- creación e restauración de enclaves;
- e as actividades vinculadas á difusión da cultura.

Desenvolvemento cultural local

- creación artística;
- a difusión das prácticas.

Industria do libro (animación lectura) e rede de bibliotecas (reprografía, conservación e reprodución de fondos). Fomento da creación e actividade teatral e circense, produción de espectáculos musicais, líricos e coreográficos.

Xestión dos residuos

- recollida selectiva e o tratamento dos distintos residuos utilizando métodos axeitados;
- os servizos que elaboran métodos óptimos de recuperación e que comercializan os materiais obtidos.

Xestión da auga

- xestión e control das infraestruturas da auga;
- actividades centradas na auga como elemento de ocio.

Protección e mantemento das zonas naturais

- protección e mantemento dos espazos naturais;
- xestión, planificación e conservación da natureza;
- construción e conservación de infraestruturas;
- prevención e extinción de incendios forestais;
- uso público dos espazos naturais;
- investigación e relacións do contorno.

Regulación e control da contaminación e instalacións correspondentes

Neste ámbito faise unha reflexión sobre os problemas que orixinan a contaminación atmosférica e o ruídos nas cidades e o desenvolvemento de políticas dirixidas ao seu control.

Enerxías alternativas

Enerxías renovables e alternativas, xestión da demanda a través de medidas de aforro e eficiencia enerxética e da aplicación de técnicas de corrección da contaminación nas enerxías convencionais.

Deportes

As actividades deportivas e de benestar físico comprenden tanto a organización e xestión do deporte e as instalacións como o adestramento e a práctica deportiva. Entre as primeiras pódense incluír actividades profesionais (ou profesionalizables), como as relacións externas, a dirección do persoal ou a coordinación de actividades e de medios materiais; entre as segundas, a animación deportiva, as ensinanzas do deporte, a práctica deportiva, a arbitrase, a vixilancia e control das instalacións, e a preparación de instalacións e equipamento deportivo.


Cómpre salientar tamén a inclusión, por parte dalgúns autores, doutros posibles ámbitos a desenvolver en España, dentro dos que destacaría a **agricultura ecolóxica**: actividade en proceso expansivo máis intensiva en man de obra que a agricultura tradicional e fortemente conectada con outros filóns de emprego, como o turismo rural. Así mesmo, falan do desenvolvemento de organizacións non gobernamentais e da repoboación forestal como outros posibles ámbitos que cómpre considerar.

Na análise realizada neste traballo imos tratar de estudar o avance das ocupacións relacionadas cos denominados novos filóns de emprego e, ao mesmo tempo, trataremos de determinar, a existencia doutras actividades económicas que mostran boas perspectivas en Galicia no momento actual.



3

análise e criterios metodolóxicos



3. Análise e criterios metodolóxicos

A. Metodoloxía

A elaboración deste estudo comezou por clasificar que ocupacións tiñan relación directa coas actividades definidas dentro dos ámbitos determinados nos filóns de emprego³.

O primeiro problema que xurdiu foi a necesidade de formular o traballo en termos de **grupos ocupacionais** (catro díxitos da Clasificación Nacional de Ocupacións), xa que os datos de contratos rexistrados só os podemos obter a este nivel de desagregación. Esta circunstancia fixo que só puidésemos analizar os grupos que no seu conxunto tiñan relación cos filóns de emprego e descartar aqueloutros nos cales, aínda que puidese haber algunha ocupación concreta relacionada, o conxunto das ocupacións que os integran non se podían considerar para a análise ao desvirtuar o resultado⁴.

³ Como xa quedou explicado no apartado anterior, o ámbito de **comercio de proximidade** foi enunciado como unha reflexión sobre os cambios da organización comercial e non tanto como actividade xeradora de emprego, polo que non foi considerada na análise realizada.

⁴ Por exemplo, o grupo 3023, onde aparecen ocupacións relacionadas cos filóns de emprego, pero hai outras moitas que non teñen nada que ver. Consideramos que analizar este grupo resultaría enganoso e non permitiría extraer conclusións:

3023	TÉCNICOS EN ELECTRICIDADE
3023.001.3	TÉCNICO EN ELECTRICIDADE, EN XERAL
3023.002.2	TÉCNICO EN INSTALACIÓNS E LIÑAS ELÉCTRICAS
3023.006.2	TÉCNICO EN FRÍO INDUSTRIAL
3023.006.2	FRIGORISTA
3023.008.4	TÉCNICO EN ELECTRICIDADE DE AUTOMOCIÓN
3023.013.4	TÉCNICO EN DESEÑO DE SISTEMAS DE CONTROL ELÉCTRICO
3023.014.3	TÉCNICO DE MANTEMENTO DE EQUIPOS ELÉCTRICOS
3023.015.2	TÉCNICO EN ILUMINACIÓN DE TEATRO, CINE E TELEVISIÓN
3023.015.2	LUMINOTÉCNICO
3023.017.0	TÉCNICO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS HOTELEIRAS
3023.018.1	TÉCNICO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS
3023.018.1	MANTEDOR DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS
3023.019.2	TÉCNICO EN PLANTA DE PRODUCCIÓN TERMOELÉCTRICA CLÁSICA
3023.020.0	TÉCNICO DE CENTRAL HIDROELÉCTRICA
3023.021.9	TÉCNICO DE CENTRAL NUCLEAR
3023.022.8	TÉCNICO DE INSTRUMENTACIÓN E CONTROL
3023.025.5	TÉCNICO DE SISTEMAS DE ENERXÍAS ALTERNATIVAS
3023.030.3	TÉCNICO DE PLANTA DE PRODUCCIÓN DE GAS
3023.031.2	TÉCNICO DE SISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE GAS
3023.033.0	TÉCNICO DE SISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA
3023.034.9	TÉCNICO DE PLANTA DE CAPTACIÓN E/OU TRATAMENTO DE AUGA

No **anexo I** deste estudo aparece a relación empregada para realizar a análise desdobrando cada grupo ocupacional nas ocupacións que o compoñen. A listaxe de ocupacións a oito díxitos pertence á denominada **clasificación SISPE** (codificación que se utiliza nas oficinas do Sistema Público de Emprego para intermediar no mercado de traballo).

Todos os grupos incluídos foron obxecto de estudo, aplicándose en todos eles os **indicadores de ocupabilidade e tendencia** que veñen sendo utilizados desde o Instituto Galego das Cualificacións para o desenvolvemento de estudos e aplicacións web⁵. Estes indicadores foron traballados conxuntamente entre persoal técnico do instituto e técnicos do Instituto Galego de Estatística, ao formaren parte dun proxecto que aparece incluído no Plan Galego de Estatística 2007-2011.

Incluímos tamén como **anexo II** a nota técnica que acompaña os estudos nos que se aplica a antedita metodoloxía, co fin de que poida ser consultada.

Entendemos tamén que para detectar filóns de emprego debemos complementar o resultado obtido coa aplicación dos indicadores, atendendo tamén a outros dous aspectos relevantes na análise:

1. **Volume contractual representativo:** os indicadores non deixan de ser taxas relativas que, nalgúns casos, conducen a sinalar grupos ocupacionais que apenas contan con transcendencia polo número de contratados que recollen en termos absolutos. Temos que afinar os resultados tendo en conta este aspecto. Como criterio, considerouse oportuno partir dun mínimo de 0,10% de contratados no grupo ocupacional con respecto ao sumatorio de todos os contratados. Esta operación condúcenos a considerar un mínimo de 400 contratados que nos serven de referencia analítica⁶.
2. **Saldo neto en 2009⁷:** a actual situación económica fainos considerar o feito de que grupos ocupacionais con bos resultados contan cun número de demandantes de emprego que superan con moito as expectativas de contratados anuais se atendemos ao resultado do ano 2009. Esta circunstancia resulta negativa no sentido de que poderíamos estar apuntando como filón de emprego actividades que xa están sobreesaturadas no mercado de traballo galego. Pola contra, sería positiva a situación contraria, ocupacións con boas perspectivas de emprego que presentan un volume de contratados anuais moi superior ás demandas medias recollidas nos Servizo Público de Emprego de Galicia.

⁵ Concretamente a aplicación de “**Datos sobre ocupacións**” baséase nesta metodoloxía, e tamén a publicación periódica *Saídas Profesionais Comarcais*.

⁶ A **porcentaxe do 0,10%** é una premisa adoptada no desenvolvemento metodolóxico. A súa variación serviría para ser máis ou menos restritivo nos resultados do estudo; no entanto, a base do traballo resultan ser os propios indicadores metodolóxicos, polo que a decisión adoptada neste aspecto non implica diferenzas substanciais nas conclusións finais.

⁷ O saldo neto é a diferenza, en cada grupo ocupacional, entre os contratados en 2009 e as demandas preferentes recollidas para traballar nesas ocupacións. No anexo II aparece referido este concepto e explicado polo miúdo o seu significado.

B. Indicador de tendencia

Describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal (cinco anos), referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior. Este indicador, unha vez calculado, clasifica os grupos ocupacionais atendendo á seguinte gradación:

INDICADOR DE TENDENCIA	
Creceemento sostido	CRECEMENTO
Creceemento relevante	
Creceemento irregular	
Estabilidade positiva	ESTABILIDADE
Estabilidade irregular	
Estabilidade	
Decreceemento sostido	DECRECEMENTO
Decreceemento relevante	
Decreceemento irregular	

C. Indicador de ocupabilidade

Este indicador intenta medir as posibilidades que un demandante de emprego ten de atopar traballo nunha ocupación, atendendo exclusivamente ás características que presenta un mercado de traballo territorial concreto. Refírese a unha ocupabilidade que vén dada estritamente polas condicións do mercado de traballo (contratos e demandas de emprego), sen valorar as circunstancias persoais (experiencia previa, formación...) que determinarían o grao de empregabilidade de cada demandante.

Neste caso os resultados do indicador poden ser os que seguen:

INDICADOR DE OCUPABILIDADE	
Ocupabilidade moi alta	OCUPABILIDADE DE INTERESE
Ocupabilidade alta	
Ocupabilidade media	
Ocupabilidade baixa	OCUPABILIDADE BAIXO INTERESE
Ocupabilidade moi baixa	

Unha vez aplicados estes dous indicadores a todos os grupos ocupacionais do anexo I, construíuse unha táboa co seguinte formato:

		INDICADOR DE TENDENCIA		
		CRECEMENTO SOSTIDO	CRECEMENTO RELEVANTE	CRECEMENTO IRREGULAR
INDICADOR DE OCUPABILIDADE	O. L. MOI ALTA	A	C	
	O. L. ALTA	B	D	E
	O. L. MEDIA			F

A ordenación fíxose de máis a menos contratados, primándose na súa ordenación posterior a situación que ocupaban segundo o cuadrante que lle correspondía (empezando polo A ata o F). Os cuadrantes en gris non contan con ningún grupo ocupacional, o que resulta significativo, e comprensible, dada a metodoloxía seguida no cálculo destes.

Para extraer as conclusións finais, decidimos categorizar os mellores resultados do seguinte xeito:

- **ÓPTIMAS PERSPECTIVAS:** Cuadrantes A e B.
- **BOAS PERSPECTIVAS:** Cuadrantes C e D.
- **PERSPECTIVAS IRREGULARES:** Cuadrantes E e F.

Esta análise non resulta concluínte, como toda análise meramente cuantitativa, aínda que si pode ser útil ao dar unha visión máis sintética do mercado de traballo, podendo servir como base para emprender outros estudos máis cualitativos que determinen o grao de significación real destes resultados en cada grupo ocupacional destacado. A consideración tanto do volume contractual como do saldo neto do último ano pretende pulir estes resultados co fin de acadar unhas conclusións máis precisas.

**Aplicación dos indicadores
do mercado de traballo
nos filóns de emprego
en Galicia**



4. Aplicación dos indicadores do mercado de traballo nos filóns de emprego en Galicia

A. Ocupacións máis contratadas en Galicia no ano 2009

Como primeira idea podemos apuntar que, salvo excepcións, o volume contractual dos grupos ocupacionais vinculados aos filóns de emprego resulta, en termos xerais, pouco significativo, aparecendo só catro deles dentro das ocupacións máis contratadas en Galicia. Afondando nesta idea, mostramos a continuación os grupos máis contratados na nosa comunidade autónoma no ano 2009 (presentamos os 30 primeiros), resaltando en cor os que estarían asociados aos xacementos de emprego:

GRUPOS OCUPACIONAIS		CONTRATADOS2009	% CONTRATADOS / TOTAL
5330	Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	29.475	9,03
5020	Camareiros, barmans e asimilados	29.331	8,98
9700	Peóns de industrias manufactureiras	25.564	7,83
9121	Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	21.654	6,63
7110	Albaneis e canteiros ⁸	17.321	5,30
9800	Peóns do transporte e descargadores	11.754	3,60
5010	Cociñeiros e outros preparadores de comidas	10.469	3,21
4210	Taquígrafos e mecanógrafos	8.698	2,66
8630	Condutores de camións	8.640	2,65
9602	Peóns da construción de edificios	6.796	2,08
3320	Representantes de comercio e técnicos de venda	6.332	1,94
2239	Outros diversos profesionais do ensino	5.052	1,55
3532	Animadores comunitarios	4.938	1,51
4523	Telefonistas	4.814	1,47
4400	Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente	4.776	1,46
8610	Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	4.639	1,42
7801	Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	4.510	1,38
9601	Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares	4.374	1,34
7130	Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	4.317	1,32
9440	Peóns forestais	4.304	1,32
6323	Pescador por conta allea de altura	4.084	1,25
5113	Asistentes domiciliarios	4.016	1,23
5130	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	3.877	1,19
7120	Traballadores en formigón armado, enfuscadores, ferrallistas e asimilados	3.851	1,18
9410	Peóns agrícolas	3.779	1,16
5111	Auxiliares de enfermaría hospitalaria	3.652	1,12
4601	Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	3.619	1,11
3411	Secretarios administrativos e asimilados	3.575	1,09
5121	Empregados para o coidado de nenos	3.457	1,06
7512	Soldadores e oxicatoradores	3.335	1,02

⁸ Este grupo ocupacional está vinculado en certo modo ao filón de Mellora de vivenda; non obstante, non resulta un grupo especialmente representativo nin definitorio deste ámbito, polo que entra na análise xeral pero sen indicarse neste punto unha vinculación directa cos filóns de emprego.

No entanto, o que si podemos destacar é que os catro grupos referenciados mostran moi boas perspectivas de emprego, segundo reflicten os indicadores de tendencia e ocupabilidade, circunstancia que non se produce na maioría dos grupos máis contratados no ano 2009. A aplicación dos anteditos indicadores sobre as 30 ocupacións salientadas na táboa amosa os seguintes resultados:

PERSPECTIVAS ÓPTIMAS

- Outros diversos profesionais do ensino
- [Animadores comunitarios](#)
- Peóns agrícolas
- [Asistentes domiciliarios](#)

PERSPECTIVAS BOAS

- Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares
- [Peóns forestais](#)
- [Empregados de coidado de nenos](#)

PERSPECTIVAS IRREGULARES

- Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público
- Secretarios administrativos ou similares

O resto dos grupos máis contratados non mostrarían uns resultados destacables. En calquera caso, queremos salientarmos un grupo de ocupacións que presentan unha **ocupabilidade media** pero acompañada dun decrecemento contractual moi irregular no período 2005-2009. Estes son os seguintes:

- *Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados*
- *Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares*
- *Peóns do transporte e descargadores*
- *Cociñeiros e outros preparadores de comida*
- *Condutores de camións*
- *Telefonistas*
- *Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados*
- *Soldadores e oxicortadores*

Estes grupos ocupacionais non presentan boas perspectivas para o ano 2010, se atendemos ao resultado para o último quinquenio. No entanto, o decrecemento contractual resulta irregular ao alternar anos de subida no número de contratados con outros de baixada. Esta circunstancia non nos permite sacar unha conclusión clara ao respecto e haberá que esperar ao que acontece nos próximos anos para ver se melloran a súa situación ou, pola contra, continúan acentuando o seu decrecemento.

B. Análise dos indicadores de tendencia e ocupabilidade

A aplicación dos indicadores de tendencia e de ocupabilidade nos grupos ocupacionais relacionados con algún dos ámbitos dos filóns de emprego permítenos clasificalos segundo os resultados obtidos. Esta categorización sérvenos para detectar diferenzas sobre a evolución dunhas ocupacións con respecto a outras. Sinalamos o número de contratados recollidos en cada grupo ocupacional para poder comprobar como, nalgúns casos, a contratación resulta moi pouco significativa:

PERSPECTIVAS ÓPTIMAS

- Animadores comunitarios (4.938 contratados)
- Outros empregados no coidado de persoas (1.315 contratados)
- Técnicos en educación infantil (1.075 contratados)
- Técnicos en empresas e actividades turísticas (661 contratados)
- Outros traballadores das obras estruturais da construción (1.719 contratados)
- Asistentes domiciliarios (4.938 contratados)

PERSPECTIVAS BOAS

- Peóns forestais (4.304 contratados)
- Condutores de autobuses (1.855 contratados)
- Educadores sociais (1.034 contratados)
- Analistas de aplicacións e programacións informáticas de nivel medio (224 contratados)
- Montadores de equipos electrónicos (202 contratados)
- Persoal de limpeza de fachadas de edificios (193 contratados)
- Terapeutas ocupacionais (139 contratados)
- Empregados de axencias de viaxes (137 contratados)
- Montadores e empalmadores de cables (106 contratados)
- Empregados para o coidado de nenos (3.457 contratados)
- Profesores de ensino infantil (455 contratados)
- Escultores, pintores e asimilados (173 contratados)
- Arquiteiros e conservadores de museos (66 contratados)

PERSPECTIVAS IRREGULARES

- Deportistas e profesionais similares (2.339 contratados)
- Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade (1.066 contratados)
- Outros profesionais de nivel superior de informática (311 contratados)
- Montadores de placas de enerxía solar (282 contratados)
- Axentes de igualdade de oportunidades para a muller e outros diplomados en traballo social (118 contratados)
- Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares (158 contratados)
- Empregados de fogar (228 contratados)

Nun segundo termo podemos destacar tamén unha serie de grupos con ocupabilidade laboral media pero acompañada por un indicador de tendencia que indica un decrecemento contractual nos últimos anos, aínda que non moi acentuado. Serían os seguintes, clasificados por ámbitos dos xacementos de emprego:

ÁMBITOS FILÓNS DE EMPREGO	O.L. MEDIA/DECRECIMENTO IRREGULAR
NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	3031 Programador de aplicacións informáticas e controladores (1.103 contratados)
	3024 Técnicos en electrónica e telecomunicacións (478 contratados)
	2639 Outros profesionais de nivel medio de informática (451 contratados)
	7623 Instaladores e reparadores de equipos telefónicos e telegráficos (203 contratados)
AXUDAS A MOZOS E MOZAS CON DIFICULTADES DE INSERCIÓN	2931 Diplomados en educación social (497 contratados)
SEGURIDADE	3072 Técnico en seguridade do traballo (368 contratados)
APROVEITAMENTOS DE ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS/MELLORA DE VIVENDA	2040 Arquitectos, urbanistas e enxeñeiros e planificadores de tráfico (243 contratados)
TURISMO/TRANSPORTES COLECTIVOS LOCAIS	5143 Guías e azafatas de terra (2.056 contratados)
	4522 Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas (1.733 contratados)
IMAXE E SON	3041 Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son (688 contratados)
PROTECCIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS NATURALS	2712 Enxeñeiros técnicos en especialidades agrícolas e forestais (456 contratados)
MELLORA DE VIVENDA	7020 Xefes de taller e/ou encargados de traballadores de acabado de edificios (70 contratados)
	7210 Revocadores, escaiolistas e estuquistas (996 contratados)

Haberá que esperar a ver como evolucionan nos próximos anos. O resto dos grupos ocupacionais vinculados aos novos filóns de emprego ofrecen resultados negativos. A partir da análise realizada neste apartado, podemos concluír que non todos os ámbitos presentan unha mesma perspectiva en Galicia e tamén que moitos grupos ocupacionais con bos resultados non ofrecen un volume contractual de gran relevancia. En termos xerais, podemos afirmar que os ámbitos que aparecen máis desenvolvidos tanto por resultados como por volume contractual son os de: *servizos a domicilio, desenvolvemento cultural local, atención á infancia e protección e mantemento das zonas naturais*.

C. Saldo neto: superávit ou déficit de contratados


O concepto de saldo neto aparece explicado na metodoloxía (anexo II), pero decidimos desenvolvelo neste apartado porque ofrece información que resulta interesante de aplicar nas ocupacións seleccionadas con perspectivas moi boas, boas e irregulares para o ano 2009. Este indicador calcúlase por diferenza entre contratados nun ámbito territorial e a media dos demandantes preferentes nun mesmo período temporal. A súa significación vai no seguinte sentido:

Saldo neto positivo, indicaría un **superávit de contratados** con respecto aos demandantes de emprego “preferentes”, ou, dito doutro modo, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. Indicaría, pois, unha mobilidade dos demandantes nese grupo ocupacional.

O saldo neto negativo, pola contra, indicaría un **déficit de contratación**; os demandantes de emprego superan os requirimentos do mercado de traballo, no que se refire ao traballo por conta allea. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes ou ben porque o mercado de traballo non é quen de absorber a demanda potencial.

Adoptamos como criterio que un saldo neto de 150%, ou superior, daría unha marxe suficiente de contratación con respecto á demanda, é dicir, por cada demanda recollida debe existir máis dun contrato e medio⁹. A situación aparece descrita no seguinte gráfico, onde podemos apreciar os desfases neste senso:

SALDO NETO POR GRUPO OCUPACIONAL



⁹ Nos traballos realizados para informar sobre que ocupacións (segundo o criterio do Instituto Galego das Cualificacións) deben formar parte do Catálogo de Díficil Cobertura das provincias galegas, adóptanse una serie de criterios dentro dos que se considera necesario un saldo neto superior ao 150%.

Tanto os asistentes domiciliarios como os empregados para o coidado de nenos contan con moitas persoas que demandan traballar de forma preferente nestas ocupacións, o que parece indicar unha saturación destes profesionais nas oficinas de emprego. Cómpre salientar tamén a gran cantidade de demandas de traballo rexistradas como empregadas de fogar.

Por outra banda, as ocupacións recollidas no ámbito de patrimonio cultural (arquiteiros e conservadores de museos, así como os escultores, pintores e asimilados) non teñen contratación significativa, e ademais atopamos un déficit de contratación, sendo moi superior o número de demandas medias que o de contratados anuais. Sería, pois, un sector que ve aumentado o número de contratos, pero estes non son quen de cubrir o número de traballadores que xa demandan traballar nesta actividade.

En segundo termo, a situación tamén está bastante axustada nas ocupacións de: outros empregados no coidado de persoas, profesores de ensino infantil, técnicos en empresas e actividades turísticas, e montadores de equipos electrónicos. Estes grupos ocupacionais ven superado o número de demandas polo de contratados, aínda que o superávit neste senso non resulta o suficientemente amplo.

Pola contra, os grupos ocupacionais que presentan mellores perspectivas, polo baixo número de demandas en termos relativos, son os animadores comunitarios, outros traballadores nas obras estruturais da construción e os técnicos de educación infantil.

Ademais deste dato, cómpre indicar que hai outros grupos ocupacionais en que, malia non contaren cun volume contractual moi relevante, o número de demandas recollidas é mínimo, polo que ven incrementada a oportunidade de traballaren neste campo. Destacan neste senso os montadores de placas de enerxía solar (18 demandas), o persoal de limpeza de fachadas (17 demandas) e o axente de igualdade de oportunidades (16 demandas).

D. Síntese na aplicación dos indicadores

A combinación de distintos indicadores cuantitativos fai que os grupos ocupacionais a considerar presenten mellores ou peores perspectivas atendendo aos distintos resultados analizados. A modo de conclusión dos tres apartados anteriores, podemos establecer a importancia do afianzamento en Galicia dos filóns de emprego nunha serie de grupos ocupacionais e a eliminación dalgúns deles que, nun primeiro momento, puidesen parecer como de interese. Imos tratar de categorizar uns bloques que agruparían ocupacións en función das súas perspectivas atendendo a:

- VOLUME CONTRACTUAL: Consideramos con contratación significativa aqueles grupos que superen o 0,10% do total de contratados en Galicia, como sumatorio dos grupos ocupacionais, no ano 2009 (aproximadamente uns 400 contratados).
- PERSPECTIVAS MOI BOAS, BOAS OU IRREGULARES, atendendo á aplicación dos indicadores de tendencia e ocupabilidade.
- SALDO NETO: É necesario que o volume de contratados supere as demandas medias anuais. Segundo o criterio utilizado no informe realizado no Instituto Galego das Cualificacións para o catálogo de difícil cobertura, a situación ideal sería acadar unha taxa de, polo menos, un 150% (é dicir, que por cada demanda existan no mercado 1,5 contratos co fin de partir dun superávit de contratación amplo).

Será necesario que os grupos ocupacionais destacados contén, polo menos, con dous destes indicadores para entraren na análise posterior.

BLOQUE A (cumpren cos tres indicadores): Volume contractual maior ao 0,10%, perspectivas moi boas, boas ou irregulares, e saldo neto superior ao 150%.

- Técnicos en educación infantil
- Animadores comunitarios
- Outros traballadores nas obras estruturais da construción
- Educadores sociais
- Condutores autobuses
- Peóns forestais
- Deportistas e profesionais similares
- Outros diversos traballadores de servizos de protección e seguridade

Estes grupos ocupacionais presentan as maiores perspectivas de emprego, ao cumpriren con todos os criterios empregados na análise.

BLOQUE B: Volume contractual maior do 0,10%, perspectivas moi boas, boas ou irregulares, e saldo neto inferior ao 150%.

- Outros empregados no coidado de persoas e asimilados
- Técnicos de empresas e actividades turísticas
- Profesores de ensino infantil
- Asistentes domiciliarios
- Empregados para o coidado de nenos

Estes grupos ocupacionais presentan unhas tendencias moi positivas, xunto cun volume contractual relevante; non obstante, contan co hándicap de certa saturación de demandantes de emprego para traballaren nestas ocupacións.

BLOQUE C: Volume contractual inferior ao 0,10%, perspectivas moi boas, boas ou irregulares, e saldo neto superior ao 150%.

- Analistas de aplicacións informáticas de nivel medio
- Persoal de limpeza de fachadas de edificios
- Terapeutas ocupacionais
- Empregados de axencias de viaxes
- Montadores e empalmadores de cables
- Montadores de placas de enerxía solar
- Axentes de igualdade de oportunidades para a muller e outros diplomados en traballo social
- Operadores de instalación de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares
- Outros profesionais de nivel superior de informática

Este bloque está formado polos posibles filóns de emprego do futuro, ao estaren presentes grupos ocupacionais con moi boas perspectivas de emprego que contan con escasos demandantes de emprego rexistrados; porén, o seu volume contractual non é moi relevante polo de agora. Haberá que esperar a ver se se produce un maior afianzamento ou ben se son ocupacións con boas perspectivas pero con escasa xeración de emprego en termos absolutos.

BLOQUE D: Volume contractual superior ao 0,10%, ocupabilidade laboral media con decrecemento irregular e saldo neto superior ao 150%.

- Outros profesionais de nivel medio de informática
- Guías e azafatas de terra

Estes dous grupos ocupacionais teñen como elemento negativo un decrecemento contractual irregular no último quinquenio; non obstante, o seu volume contractual é importante, e o número de demandantes rexistrados nas oficinas de emprego resulta escaso en comparación co número de contratados anuais.

Cómpre salientar que, dos grupos seleccionados segundo os indicadores de tendencia e ocupabilidade, só caerían da análise catro deles: *empregados de fogar, montadores de equipos electrónicos, arquiteiros e conservadores de museos e escultores, pintores e asimilados*. Todos eles presentan un volume contractual pouco significativo e, ademais, o saldo neto é inferior ao 150%.

Imos presentar a continuación unha análise pormenorizada dirixida a categorizar o tipo de contratación e o perfil máis habitual da persoa que traballa nos grupos ocupacionais seleccionados nos bloques anteriores.

**Análise contractual dos grupos
ocupacionais dos filóns de emprego
con mellores perspectivas**



5. Análise contractual dos grupos ocupacionais dos filóns de emprego con mellores perspectivas¹⁰


5.1 SERVIZOS A DOMICILIO

Esta actividade económica experimenta en Galicia un auxe como consecuencia dunha serie de cambios sociais que están a ter un notable impacto neste ámbito: **envellecemento da poboación, incorporación da muller ao mercado laboral** e os **cambios nas estruturas familiares**. Como nota negativa, hai que citar a existencia de moitos demandantes de emprego nestas ocupacións, o que podería indicar certa saturación no mercado de traballo.

O grupo máis relevante é o de **asistentes domiciliarios**, seguido por outros empregados no coidado de persoas e asimilados, onde se inclúen os coidadores físicos, psíquicos e sensoriais. A evolución dos contratados 2005-2009 é esta:

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
5113	Asistentes domiciliarios	2.768	3.322	3.880	3.907	4.016
5129	Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	788	1.051	1.129	1.211	1.315

Graficamente a situación é a que segue:



¹⁰ Dentro do apartado de actividades económicas máis contratantes, faremos referencia á Clasificación Nacional de Actividades Económicas, a dous díxitos (CNAE- 2009).

Queda patente a evolución positiva en todo o período 2005-2009, aínda que atenuada nos últimos dous anos.


Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

ASISTENTES DOMICILIARIOS	OUTROS EMPREGADOS NO COIDADO DAS PERSOAS
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 36 a 45 anos • Título de ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Título de ensinanza obrigatoria


O sector de servizos a domicilio é un sector claramente feminizado. A situación máis extrema aparece nos asistentes domiciliarios, onde un 98% dos contratados son mulleres. En canto aos intervalos de idade, si se aprecian diferenzas, observando que a idade máis recorrente dos auxiliares de axuda a domicilio é superior á do grupo dos empregados no coidado das persoas.

Parécenos interesante presentar máis detalladamente os niveis académicos máis contratados en cada caso. A situación é a seguinte:

Servizos a domicilio




Outros empregados no coidado de persoas e asimilados



En ambos os dous grupos ocupacionais, o nivel académico máis recorrente é a titulación de ensinanza obrigatoria. Como diferenza, debemos indicar que o grupo outros empregados no coidado das persoas e asimilados conta cunha porcentaxe de traballadores con formación profesional superior en 9 puntos porcentuais, mentes que os asistentes domiciliarios están claramente orientados cara ao ensino obrigatorio.

A contratación indefinida ten escasa repercusión, acusando unha caída nos dous últimos anos no que se refire aos asistentes domiciliarios, e en 2009 nos cuidadores.



Os asistentes domiciliarios só contan cun 6% de contratación indefinida.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

ASISTENTES DOMICILIARIOS
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento
CNAE 84 Administración pública e defensa: Seguridade Social obrigatoria
OUTROS EMPREGADOS NO COIDADADO DE PERSOAS E ASIMILADOS¹¹
CNAE 86 Actividades sanitarias
CNAE 87 Asistencia en establecementos residenciais
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento

¹¹ Este grupo ocupacional inclúe os celadores sanitarios, polo que a actividade económica máis relevante na contratación é a sanidade.

5.2. ATENCIÓN Á INFANCIA


Neste ámbito temos dous grandes colectivos: por unha parte, os nenos que non alcanzaron a idade de escolaridade obrigatoria (menores de 6 anos), e, por outra, o resto de nenos como usuarios de servizos de atención e lecer. O desaxuste entre o horario laboral e escolar favorece a proliferación de actividades e servizos extraescolares que cobren esta circunstancia.

Os grupos ocupacionais que presentan boas perspectivas nesta área experimentan a seguinte evolución contractual:

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
2812	Profesores de ensino infantil	343	390	447	589	543
3211	Técnicos en educación infantil	566	682	920	1.048	1.075
5121	Empregados para o coidado de nenos	1.391	2.991	3.370	3.479	3.457

A maior contratación recóllese no grupo de empregados para o coidado de nenos, grupo que presentaba unha evolución positiva no período 2005-2008 pero que diminuíu lixeiramente no último ano. Esta mesma situación repítese nos profesores de ensino infantil.

ATENCIÓN Á INFANCIA




Os técnicos de educación infantil continúan o seu ascenso, malia que no último ano reflicte un crecemento moi suavizado. Precisamente este grupo ocupacional é o que presenta unhas mellores perspectivas atendendo a todos os indicadores aplicados, xa que os outros dous grupos presentan un número de demandantes de emprego nesas ocupacións moi elevado no ano 2009, o que mostra certo déficit de contratación neste sentido.

Os perfís máis habituais das persoas contratadas nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

PROFESORES DE ENSINO INFANTIL	TÉCNICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL	EMPREGADOS PARA O COIDADADO DE NENOS
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Formación profesional 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Este ámbito presenta un nesgo cara ás mulleres, acadando un 94% da contratación nos tres grupos ocupacionais.


O intervalo de idade máis contratado é o de 26 a 35 anos; no entanto, como diferenza, podemos apuntar que no caso dos empregados de coidado de nenos o segundo intervalo en importancia contractual é o de 36 a 45, mentres que nos outros dous grupos son as menores de 26 anos. O certo é que tanto os profesores de educación infantil como os técnicos implican unha cualificación maior que parece estar máis vinculada aos grupos máis novos. De feito, o nivel académico si que é a variable que diferencia os tres grupos analizados:



Os profesores de ensino infantil inclínanse claramente cara aos titulados universitarios. Os técnicos de educación infantil implican tamén unha cualificación técnica que coincide cun ciclo superior de formación profesional, ou ben profesionais que contan cunha licenciatura ou diplomatura. Por último, os empregados para o coidado de nenos mostran un nivel académico máis variado, ao non contaren cun requisito concreto, aínda que destacan os de titulación de ensino obrigatorio e os que teñen o bacharelato.

A contratación indefinida experimentou unha lixeira caída no ano 2008, pero recuperouse no último ano tanto nos empregados para o coidado de nenos como para os técnicos en educación infantil, o que indica un certo grao de estabilidade laboral nestas profesións.

O seguinte gráfico de liñas mostra a evolución dos contratos indefinidos no período 2005-2009:



O grupo ocupacional que presenta unha menor porcentaxe de contratos indefinidos con respecto ao total de contratados é o de empregados para o coidado de nenos (8%). Os outros dous grupos de ocupacións acadan un 19% de contratos indefinidos.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

PROFESORES DE ENSINO INFANTIL
CNAE 85 Educación
CNAE 84 Administración pública e defensa: Seguridade Social obrigatoria
TÉCNICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL
CNAE 85 Educación
CNAE 84 Administración pública e defensa: Seguridade Social obrigatoria
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento
EMPREGADOS PARA O COIDADADO DE NENOS
CNAE 82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas
CNAE 85 Educación
CNAE 77 Actividades de aluguer

A ocupación de empregados para o coidado de nenos non aparece contratada en actividades económicas concretas, como o caso dos outros dous grupos, e aparecen relacionadas moitas CNAE distintas.


5.3. NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

En Galicia, a nosa rede empresarial susténtase nas pemes, polo que a implantación de tecnoloxías da información, as comunicacións e a automatización industrial non está tan desenvolvidas como noutras comunidades autónomas.

A pesar destas circunstancias, hai algunhas ocupacións en que o volume contractual en 2009 é superior á media de contratados do período 2005-2008, ou ben os resultados descritos resultan de interese para a súa análise. Por outra banda, o dato en números absolutos non presenta unha gran relevancia, quedando moi lonxe dos 1.000 contratados anuais. A evolución dos contratados 2005-2009 é a seguinte:

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
2039	Outros profesionais de nivel superior de informática	227	284	368	356	311
2631	Analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio	98	150	187	251	224
2639	Outros profesionais de nivel medio de informática	337	447	596	574	451


Graficamente a evolución é a seguinte:




O grupo de analistas reduciu a contratación o último ano, mentres que os outros dous grupos xa comezaron a diminuír desde 2007. Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL SUPERIOR DE INFORMÁTICA	ANALISTAS DE APLICACIÓNS E PROGRAMADORES INFORMÁTICOS DE NIVEL MEDIO	OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL MEDIO DE INFORMÁTICA
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Formación profesional 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Formación profesional

Este sector está claramente masculinizado; non obstante, debemos destacar que a situación é máis extrema noutras actividades económicas, situándose neste caso entre un 70-80%. Os profesionais de nivel superior son fundamentalmente titulados universitarios, mentres que no nivel medio destacan, dentro dos contratados, os de formación profesional. A situación queda reflectida no seguinte gráfico:



A idade si que resulta unha variable homoxénea, destacando o grupo de 26-35 anos. En canto á contratación indefinida, experimentou unha caída importante nos últimos dous anos:



Cómpre salientar que os grupos máis cualificados, malia reduciren a contratación indefinida nos últimos anos, presentan unha porcentaxe de contratos indefinidos moi alta: analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio (38%), outros profesionais de nivel superior de informática (29%) e outros profesionais de nivel medio de informática (26%).

Neste aspecto podemos concluír, pois, que, aínda que o movemento contractual non é moi relevante no seu conxunto, si é posible falar dun emprego de calidade dirixido a unha importante estabilidade laboral.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL SUPERIOR DE INFORMÁTICA
CNAE 85 Educación
CNAE 62 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática
CNAE 71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas
ANALISTAS DE APLICACIÓNS E PROGRAMADORES INFORMÁTICOS DE NIVEL MEDIO
CNAE 62 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática
CNAE 71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas
OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL MEDIO DE INFORMÁTICA
CNAE 62 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática
CNAE 85 Educación
CNAE 61 Telecomunicacións

A actividade de programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática está experimentando un impulso en Galicia, orientándose cara ás denominadas *software factories*, que dan apoio a empresas máis grandes noutros países europeos aproveitando a vantaxe de estaren no mesmo fuso horario, e achegando como vantaxe competitiva calidade e prezo.

5.4. AXUDAS A MOZOS CON DIFICULTADES DE INSERCIÓN


Este ámbito engloba unha serie de ocupacións que non só estarían vinculadas co colectivo dos máis novos, senón que farían referencia ao traballo de educadores e traballadores sociais que tamén prestan os servizos noutros ámbitos e para outros colectivos (inmigrantes, toxicómanos, etc.). O grupo máis relevante é o dos educadores sociais, que presenta unha contratación relevante (máis de 1.000 contratados ao ano).

No entanto, a evolución contractual dos grupos salientados é a que segue¹²:

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
3134	Terapeutas ocupacionais	57	91	149	155	139
3531	Educadores sociais	553	832	978	1.240	1.034

Aínda que falamos dunha evolución positiva, no ano 2009 apréciase un descenso:

AXUDAS A MOZOS CON DIFICULTADES DE INSERCIÓN



Os perfís máis habituais das persoas contratadas nestes grupos ocupacionais son os que seguen:


TERAPEUTAS OCUPACIONAIS	EDUCADORES SOCIAIS
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • Menores de 26 anos • Titulados universitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios

¹² O grupo ocupacional de "Axentes de igualdade de oportunidades para a muller e outros diplomados en traballo social" ten certa relación con este eido, pero aparece analizado no ámbito de *desenvolvemento cultural local*, ao atopalo máis oportuno.

O 85% dos contratados son mulleres.


As titulacións máis habituais son as de titulados universitarios. Cómpre salientar que nos educadores sociais tamén aparecen un bo número de contratados con formación profesional, aínda que moi por detrás dos anteriores.

A diferenza máis relevante vén dada na variable idade:



No caso dos terapeutas ocupacionais, os contratados son xente moi nova, e apenas se rexistran contratacións para os maiores de 36 anos. Esta circunstancia podería explicarse ao seren uns estudos máis recentes que os propios de educación social.

A contratación indefinida dos educadores sociais resulta moi irregular, caendo no último ano e supoñendo sobre un 11% da contratación total. Os terapeutas ocupacionais presentan un escaso volume contractual, pero cómpre destacar a subida de contratación indefinida nos últimos anos, que acada un 22% da contratación realizada:



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

TERAPEUTAS OCUPACIONAIS
CNAE 87 Asistencia en establecementos residenciais ¹³
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamentos
CNAE 94 Actividades asociativas
CNAE 86 Actividades sanitarias
MELLORA SOCIAIS
CNAE 85 Educación
CNAE 84 Administración pública e defensa: Seguridade Social obrigatoria
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamentos
CNAE 94 Actividades asociativas

5.5 MELLORA DA VIVENDA

Na actual situación económica, o sector da construción experimentou un duro retroceso, prexudicando notablemente a creación de emprego. Este ámbito fai referencia tanto á rehabilitación de edificios históricos como á mellora da vivenda existente, en diferentes aspectos como poden ser os acabados de construción ou os illamentos térmicos e acústicos.

Consideramos un numeroso grupo de ocupacións relacionadas con este ámbito; non obstante, son poucas as que presentan boas perspectivas de emprego. Quedarían seleccionadas as que seguen:


Evolución dos contratados 2005-2009

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
7140	Outros traballadores das obras estruturais da construción	1.008	1.260	1.481	1.537	1.719
7250	Persoal de limpeza de fachadas de edificios	129	162	189	242	193
7515	Montadores e empalmadores de cables	92	177	190	135	207

O grupo 7140 presenta un crecemento sostido no período analizado, e recordamos que fai referencia a ocupacións como: demolidor ou apuntalador de edificios, colocador de prefabricados lixeiros, montador de estadas, traballador da construción en altura, etc. (véxase o anexo I). Os outros dous grupos non presentan crecemento sostido nin tampouco contan cun volume contractual relevante.

¹³ Importante presenza destes profesionais en residencias de maiores e centros de día.

MELLORA DA VIVENDA




O grupo de montadores e empalmadores de cables fai referencia aos instaladores de ascensores, que teñen unha presenza máis notable en áreas metropolitanas.

Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** son os que seguen:

OUTROS TRABALLADORES DAS OBRAS ESTRUTURAIS DA CONSTRUCCIÓN	PERSONAL DE LIMPEZA DE FACHADAS DE EDIFICIOS	MONTADORES E EMPALMADORES DE CABLES
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación de ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 36 a 45 anos • Titulación de ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • Menores de 36 anos • Certificado de escolaridade

Este sector está moi masculinizado, acadando un 98% da contratación. Porén, o grupo de persoal de limpeza de edificios decántase cara ás mulleres, cun 57% dos contratados.

O intervalo de idade varía segundo os grupos ocupacionais do seguinte xeito:




Para outros traballadores das obras estruturais domina o intervalo de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 anos. O persoal de limpeza de fachadas sitúase tamén nestes mesmos intervalos, aínda que destaca lixeiramente o de 36 a 45 anos. Os montadores e empalmadores de cable son máis novos, situándose con máis frecuencia nos menores de 36 anos (aparece o mesmo número de contratados no grupo de 25 e menores, e o de 26-35 anos).

A titulación máis recorrente é a de ensino obrigatorio, agás no caso de montadores e empalmadores de cables, en que predominan os traballadores con certificado de escolaridade.

A contratación indefinida aparece en ascenso continuado no grupo máis contratado de traballadores de obras estruturais, mentres que os outros dous grupos veñen acusando en maior ou menor medida a situación socioeconómica (especialmente os montadores de cables que fan referencia á instalación de ascensores, que ve diminuído o número de contratos indefinidos desde o ano 2007).

A situación queda recollida no seguinte gráfico:



Non obstante, se traballamos coas porcentaxes de contratos indefinidos con respecto ao total de contratación, todos os grupos acadan unha taxa de arredor do 10% (o persoal de limpeza de fachadas chega ao 12%).

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OUTROS TRABALLADORES DAS OBRAS ESTRUTURAIS DE CONSTRUCIÓN
CNAE 43 Actividades de construción especializada
CNAE 41 Construción de edificios
CNAE 42 Enxeñaría civil
PERSOAL DE LIMPEZA DE EDIFICIOS
CNAE 81 Servizos de edificios e actividades de xardinaría
CNAE 84 Administración pública e defensa: Seguridade Social obrigatoria
MONTADORES E EMPALMADORES DE CABLES
CNAE 43 Actividades de construción especializada

5.6. TRANSPORTES COLECTIVOS LOCAIS

Neste ámbito, o único grupo ocupacional que presenta boas perspectivas de emprego, e ademais un volume de contratación importante, é o dos condutores de autobuses. As azafatas de información forman parte do apartado de ocupacións que, malia presentaren unha ocupación laboral media, reflicten un decrecemento dos contratos no período 2005-2009, como así amosa o indicador de tendencia¹⁴.

Evolución dos contratados 2005-2009

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
8620	Condutores de autobuses	1.680	1.713	1.804	1.871	1.855


Este grupo ocupacional presenta un forte ascenso nos últimos anos, aínda que cun lixeiro retroceso en 2009. A pesar diso, é un grupo que cumpre con todos os indicadores manexados.

O **perfil máis habitual das persoas contratadas** neste grupo ocupacional é o que segue:

CONDUTORES DE AUTOBUSES
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 36 a 45 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

O 80% dos contratados son homes. A idade é diversa, aínda que o intervalo destacado é o máis recorrente, seguido polos de 26-35 anos.

A titulación académica presenta a seguinte distribución entre os contratados:



¹⁴ Referímonos ao grupo de recepcionistas en establecementos distintos de oficinas, no cal, ademais de producirse un decrecemento irregular, o número de persoas que demandan traballar nestas ocupacións indica un déficit de contratación neste senso.

A contratación indefinida veu diminuindo nos anos 2007-2008; non obstante, no último ano experimentou un incremento neste tipo de contratación, acadando un 16% dos contratos realizados.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

CONDUTORES DE AUTOBUSES

CNAE 49 Transporte terrestre e por tubaxe

Resulta moi significativo, polo que non salientamos outras actividades contratantes.

5.7. TURISMO

O turismo é un sector clave tanto da economía española como da galega. A súa importancia radica tamén no estímulo que supón para outros sectores económicos. Este ámbito económico parte da existencia dunha nova demanda turística máis diversificada que presenta unha maior exixencia na calidade dos servizos, xerando oportunidades para outros produtos, como serían: turismo de montaña, turismo rural, turismo cultural, deportivo, de saúde, etc. A potencialidade destas actividades implicaría tamén creación de emprego nos servizos de restauración, que no momento actual reflicten unha situación un tanto irregular. As ocupacións de camareiro e de cociñeiro atópanse entre as máis contratadas en Galicia; no entanto, a súa evolución contractual vese afectada polas actuais circunstancias económicas. Cómpre salientar neste punto que só o grupo ocupacional de xefe de cociña ou de camareiros presenta resultados positivos, o que pode indicar o aumento de empresas hostaleiras que requiren este tipo de persoal.

Os tres grupos analizados (relacionados directamente coa activación da demanda turística) que aparecen con boas perspectivas de emprego son:

Evolución dos contratados 2005-2009


GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
2913	Técnicos en empresas e actividades turísticas	491	530	615	646	661
4521	Empregados en axencias de viaxes	101	160	146	175	215
5143	Guías e azafatas de terra	2.314	2.438	2.190	2.424	2.056

As guías e azafatas de terra presentan unha contratación importante, pero cunha traxectoria un tanto irregular; aínda así, reflicten no ano 2009 un elevado superávit de contratación, superando con moito os contratados anuais ás demandas medias recollidas para traballar nestas ocupacións.

Pola contra, os técnicos en empresas turísticas presentan unhas perspectivas de emprego máis firmes, cun crecemento constante da contratación, pero o número de demandas recollidas nas oficinas de emprego é bastante elevado, o que reduce a oportunidade de atopar traballo ao indicar un certo grao de déficit neste senso.

Por último, os empregados en axencias de viaxes cumpren cos indicadores manexados, pero parten dunha contratación pouco significativa.

Graficamente, podemos comprobar como aumentan os contratados nos últimos dous anos, circunstancia un tanto atípica dada a actual situación socioeconómica, pero posiblemente estimulada pola celebración do Xacobeo:




Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

TÉCNICOS DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS	EMPREGADOS DE AXENCIAS DE VIAJES	GUÍAS E AZAFATAS DE TERRA
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • Menores de 26 anos • BUP/Bacharelato superior/COU


En todos os grupos destaca o colectivo feminino; non obstante, mentres que os técnicos de actividades turísticas mostran unha situación bastante equilibrada (o 55% dos contratados son mulleres), tanto o grupo de empregados de axencias de viaxes como o de guías e azafatas de terra fano dun xeito moito máis nesgado (76% e 81%, respectivamente).

Atopamos unha gran disparidade no perfil máis contratado no que respecta aos niveis académicos requiridos:




As guías e azafatas de terra destacan na titulación de bacharelato, mentres que os empregados de axencias de viaxes sobresaen na titulación de ensinanza obrigatoria. Os técnicos de empresas e actividades turísticas xa mostran en maior medida o requisito de titulados universitarios (sorprende que neste grupo a segunda titulación máis frecuente sexa a de certificado de escolaridade; podemos pensar que nalgúns casos este dato non sexa cuberto porque, noutro caso, non parece coherente este nivel formativo co exigido a nivel técnico).

A composición por intervalos de idade mostra diferenzas no que respecta ás guías turísticas, que se corresponden en maior medida con traballadores máis novos.



A evolución da contratación indefinida non coincide: os técnicos reflicten unha importante caída no ano 2009 neste tipo de contratación, mentres que os empregados de axencias de viaxes aumentan os contratos indefinidos, acadando un 22% da súa contratación total e obtendo mellores resultados neste senso. No caso das guías turísticas, a contratación indefinida é practicamente inexistente (2%), a pesar de mostrar un certo crecemento nos últimos anos.



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

TÉCNICOS DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS	
CNAE 78	Actividades relacionadas co emprego
CNAE 84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
CNAE 94	Actividades asociativas
CNAE 82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas
EMPREGADOS DE AXENCIAS DE VIAJES	
CNAE 79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes
CNAE 93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
GUÍAS E AZAFATAS DE TERRA	
CNAE 82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas
CNAE 79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes
CNAE 77	Actividades de aluguer
CNAE 78	Actividades relacionadas co emprego

5.8. DESENVOLVEMENTO CULTURAL LOCAL

A área de animación sociocultural mostra un crecemento contractual en Galicia moi importante nos últimos anos e resulta ser un dos grupos ocupacionais con mellores perspectivas, xunto cun volume contractual moi relevante. Situación especialmente positiva é a dos animadores comunitarios, que obteñen resultados positivos na aplicación de todos os indicadores.


A situación dos grupos ocupacionais enclavados neste ámbito aparece recollida na seguinte táboa:

Evolución dos contratados 2005-2009

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
2939	Axentes de igualdade de oportunidades para a muller e outros diplomados en traballo social	93	109	106	145	118
3532	Animadores comunitarios	3.450	3.967	4.685	4.729	4.938

O volume contractual dos animadores comunitarios é tan elevado que graficamente a evolución dos axentes de igualdade resulta imperceptible:

DESENVOLVEMENTO CULTURAL LOCAL




Os animadores comunitarios presentan un crecemento sostido no período analizado, mentres que os axentes de igualdade diminúen a súa contratación o último ano.

Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA A MULLER E OUTROS DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL	ANIMADORES COMUNITARIOS
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Muller • Menos de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Preséntase como un ámbito nesgado cara ás mulleres, aínda que os animadores comunitarios reflicten unha situación máis equilibrada entre ambos os dous sexos, acadando un 66% dos contratados.

O grupo de animadores comunitarios reúne unha serie de ocupacións nas que se contrata xente nova (aínda que o grupo de 26-35 anos tamén aparece fortemente representado). En canto á titulación máis recorrente, a situación é a que segue:



Os axentes de igualdade son titulados universitarios case na súa totalidade, mentres que os animadores comunitarios aparecen nesgados cara á titulación de ensinanza obrigatoria e, curiosamente, contan co grupo de titulados universitarios no segundo lugar.


En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA A MULLER E OUTROS DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
CNAE 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamentos
CNAE 94 Actividades asociativas
ANIMADORES COMUNITARIOS
CNAE 93 Actividades deportivas
CNAE 85 Educación
CNAE 79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes
CNAE 94 Actividades asociativas
CNAE 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria

5.9. DEPORTES

Os deportes reflicten resultados de interese en Galicia segundo o número de contratados nos últimos cinco anos. Así mesmo, manteñen un ritmo de **crecemento positivo**. Neste ámbito estarían incluídos tanto os deportistas profesionais como aqueloutros profesionais dedicados ao ensino de prácticas deportivas dirixidas máis ao ocio e tempo libre.

A evolución no período analizado é a seguinte:




Nos últimos dous anos o crecemento contractual está en ascenso neste grupo ocupacional, e os resultados obtidos cos diferentes indicadores utilizados dan resultados positivos.

O **perfil máis habitual das persoas contratadas** neste grupo ocupacional é o que segue:

DEPORTISTAS E PROFESIONAIS SIMILARES
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Os homes representan un 59% dos contratados. A maioría dos contratados pertencen ao grupo de menores de 36 anos, acadando un 82% dos contratados, aínda que destaca lixeiramente o intervalo destacado no perfil. A titulación académica é moi variada entendendo a diferente natureza das ocupacións incluídas neste grupo ocupacional:



A contratación indefinida vén aumentando desde o ano 2005, acadando un 13% do total dos contratos.


En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

DEPORTISTAS E PROFESIONAIS SIMILARES
CNAE 93 Actividades deportivas
CNAE 85 Educación
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
CNAE 82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas

5.10. TRATAMENTO DE RESIDUOS/XESTIÓN DA AUGA

Realmente son dous ámbitos diferenciados, pero o grupo ocupacional que aparece destacado engloba ocupacións que pertencerían ás dúas actividades económicas, de aí que decidamos unilos á hora de analizalos: operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares.

A evolución contractual aparece reflectida no seguinte gráfico:




O número de contratos é pouco representativo; non obstante, debemos salienta o crecemento reflectido no último ano.

O perfil máis habitual das persoas contratadas neste grupo ocupacional é o que segue:

OPERADORES EN INSTALACIÓNS DE INCINERACIÓN, DE TRATAMENTO DE AUGAS E OUTROS OPERADORES EN PLANTAS SIMILARES
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Esta actividade aparece claramente masculinizada, acadando un 74% dos contratados, cun predomínio do intervalo de 26 a 35 anos.

O nivel académico non indica unha alta cualificación, concentrándose o 79% dos contratados entre os titulados de ensinanza obrigatoria e os traballadores con certificado de escolaridade:



A contratación indefinida non ten repercusión significativa e vén diminuíndo desde o ano 2006. En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OPERADORES EN INSTALACIÓNS DE INCINERACIÓN, DE TRATAMENTO DE AUGAS E OUTROS OPERADORES EN PLANTAS SIMILARES
CNAE 38 Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización
CNAE 36 Captación, depuración e distribución de auga

Os datos de CNAE contratante indican un maior movemento contractual nas ocupacións relacionadas co tratamento de residuos que nas de xestión da auga.

5.1.1. PROTECCIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS NATURAIS

Galicia conta con importantes recursos naturais que debemos aproveitar e conservar, motivo polo que este ámbito conta con ocupacións que veñen incrementando a súa contratación nos últimos anos.


Os grupos con bos resultados son os que seguen:

GRUPOS OCUPACIONAIS		2005	2006	2007	2008	2009
5299	Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	863	834	974	965	1.066
9440	Peóns forestais	2.590	2.525	3.376	4.194	4.304

Os peóns forestais incrementan o seu número de contratados desde o ano 2006 e mostran uns resultados moi positivos na aplicación de todos os indicadores manexados. O grupo 5299 fai referencia aos axentes forestais, técnicos de protección civil e gardas de recursos naturais, e presentan unha traxectoria un tanto irregular, aínda que no último ano aumenta o seu volume de contratados anuais, superando os 1.000 contratados.

Graficamente a situación quedaría reflectida na seguinte representación:

PROTECCIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS NATURAIS




Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE	PEÓNS FORESTAIS
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • Menos de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Estas actividades están claramente masculinizadas, cun 72% dos contratados nos servizos de protección e seguridade e un 83% nos peóns forestais.

A situación por titulación académica é similar, destacando claramente as persoas que contan con titulación de ensinanza obrigatoria e, en segundo termo, os de ata certificado de escolaridade.

A distribución por idades si que presenta diferenzas, sendo máis novos, en xeral, os contratados para peóns forestais. A situación é a que segue:



Nestas ocupacións a contratación indefinida é moi pouco relevante, acadando tan só un 3% dos contratos.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:


OUTROS DIVERSOS TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
PEÓNS FORESTAIS
CNAE 02 Silvicultura e explotación forestal
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
CNAE 81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría

5.12. ENERXÍAS ALTERNATIVAS


A única ocupación que aparece salientada neste aspecto está vinculada ao sector da construción: montador de placas de enerxía solar.

O nivel de contratación non é especialmente relevante e mostra unha traxectoria claramente irregular, aínda que afianzándose pouco a pouco e incrementando o número de contratados anuais no conxunto do período 2005-2009.

Graficamente a evolución é a que segue:




O **perfil máis habitual das persoas contratadas** neste grupo ocupacional é o que segue:



Este sector está moi masculinizado, acadando un 97% do total de contratados. En canto á distribución por idades, é a que segue:

Montadores de placas de enerxía solar



As idades comprendidas entre os 26 a 45 son as máis contratadas e a titulación máis recorrente é a de ensinanza obrigatoria.

Os contratos indefinidos acadan un 13% dos contratos e reflicten unha lixeira caída no último ano.

En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

MONTADORES DE PLACAS DE ENERXÍA SOLAR
CNAE 43 Actividades de construción especializada
CNAE 41 Construción de edificios


5.13. CONCLUSIÓNS E CONSIDERACIÓNS DA ANÁLISE DOS FILÓNS

A partir da análise descrita, podemos concluír unha serie de aspectos, como son:

1. As actividades recollidas dentro dos novos filóns de emprego non contan cunha mesma evolución en Galicia, presentando dentro da súa análise diferentes perspectivas de emprego.
2. As actividades xeradoras de emprego non presentan, no seu conxunto, un volume contractual relevante dentro da contratación galega, e só algunhas delas contan cuns valores contractuais que xustifican a súa consideración como posibles nichos de emprego.
3. A situación descrita mostra os resultados para o conxunto de Galicia; no entanto, as características socioeconómicas das 53 comarcas galegas fai que se aprecien diferenzas ao respecto se pasamos a analizar as distintas realidades locais.
4. Podemos pensar tamén que dentro da actual situación socioeconómica galega poidan existir outras ocupacións que contan con boas perspectivas de emprego, o que pode permitirnos considerar que os xacementos de emprego en Galicia poidan ser algúns que non se relacionaron no seu momento dentro dos denominados novos filóns de emprego.

Atendendo a estes dous últimos aspectos, imos afondar en cada un deles co fin de acadar unha visión máis polo miúdo dos xacementos de emprego en Galicia.

**Perspectivas dos novos filóns de
emprego nas comarcas galegas**



6. Perspectivas dos novos filóns de emprego nas comarcas galegas

A publicación periódica do Instituto Galego das Cualificacións denominada *Saídas profesionais comarcais* presenta como resultado a gradación dos 20 grupos ocupacionais que presentan mellores perspectivas de emprego en cada unha das comarcas galegas.

Para a elaboración do libro utilízase a mesma metodoloxía que empregamos na análise deste estudo, polo que consideramos oportuno ampliar a información engadindo os resultados para os 53 ámbitos comarcais.

Imos presentar os resultados referidos aos novos filóns de emprego para estudar de que modo se veñen implantando nas distintas realidades locais. Presentamos a continuación unha táboa resumo do resultado, aínda que podemos adiantar as seguintes conclusións:

1. Todas as comarcas galegas contan con algún grupo ocupacional vinculado aos novos filóns de emprego con perspectivas de emprego óptimas e/ou boas.
2. Ademais de destacar os grupos ocupacionais xa analizados, cómpre salientar a existencia doutras ocupacións que, aínda que non presentan unha boa perspectiva para o conxunto de Galicia, si que contan con bos resultados comarcais:
 - **Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns**, ocupación vinculada ao ámbito de aproveitamentos dos espazos públicos urbanos que fai referencia fundamentalmente aos traballos de xardinaría. Vén diminuindo a súa contratación nos últimos tres anos, aínda que o volume contractual resulta relevante no conxunto da nosa comunidade autónoma. Aparece destacada en comarcas como: A Barcala, Barbanza, Eume, Muros, O Sar, Terra de Melide, A Ulloa, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Verín, O Baixo Miño e Deza.
 - **Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais**, ocupación que presenta unha situación moi similar ao grupo anterior: importante presenza contractual e un decrecemento irregular acompañado por un indicador de ocupabilidade baixo. A pesar desta situación xeral, aparece destacada en comarcas como: Eume, Ortegá, Baixa Limia e Ourense. Está asociada ao ámbito de protección e mantemento das zonas naturais.
 - **Albaneis e canteiros**, grupo ocupacional moi resentido na actual situación socioeconómica, aínda que segue sendo un dos de maior contratación en Galicia. Porén, nalgúns comarcas aparece con boas perspectivas de emprego: A Ulloa, O Ribeiro, Terra de Caldelas e Verín.
 - **Gardas xurados e persoal de seguridade privada**: este grupo vén diminuindo a súa contratación nos últimos catro anos, aínda que presenta un número de contratados superior a 1.000. Está relacionado co ámbito da seguridade, un dos menos representativos na nosa comunidade autónoma no que respecta aos novos filóns de emprego. Cómpre salientar a súa presenza en comarcas como Ordes, Lugo e Caldas.

- **Fontaneiros e instaladores de tubos:** presenta máis de 2.000 contratados no ano 2009, aínda que estes veñen decrecendo nos últimos catro anos. Estarían asociados ao ámbito de mellora de vivenda, sector afectado pola actual situación económica. As comarcas que presentan boas perspectivas son as de Terra de Soneira, A Mariña Central e O Morrazo.
3. O de **repcionistas en establecementos distintos de oficinas** é un grupo ocupacional vinculado aos ámbitos de turismo e de transportes colectivos locais. Ten unha importante presenza contractual e un decrecemento irregular no período 2005-2009. Non obstante, presenta unha ocupabilidade laboral media, polo que é destacado como tal nunha táboa incluída no punto B do apartado de **Análise dos indicadores do mercado de traballo nos filóns de emprego de Galicia**. Observamos que aparece con boas perspectivas en varias comarcas:

Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas	Bergantiños, A Mariña Oriental, Ourense, O Condado e Pontevedra
---	---

4. Por último, hai que dicir que certos grupos ocupacionais destacados para o conxunto de Galicia aparecen especialmente presentes en áreas metropolitanas. Así, por exemplo, tanto os montadores e empalmadores de cables (fan referencia á instalación de ascensores) como os operadores de instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares aparecen destacados na comarca da Coruña; os profesionais de nivel medio de informática e os técnicos en empresas e actividades turísticas destacan na comarca de Santiago.

Á marxe destas conclusións, o certo é que as comarcas galegas mostran unhas características socioeconómicas que as identifican e diferencian entre si, motivo polo que presentamos a continuación a táboa resumo onde incluímos as perspectivas de emprego dos grupos ocupacionais relacionados cos novos filóns de emprego en cada unha delas, atendendo aos resultados descritos na publicación de *Saídas profesionais comarcais 2010*.

6.1. TÁBOA DE RESULTADOS POR COMARCAS

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS ¹⁵			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
ARZÚA		<ul style="list-style-type: none"> • Empregados para o coidado de nenos • Condutores de autobuses • Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Deportistas e profesionais similares • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Empregados de fogar
BARBANZA		<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Animadores comunitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses • Empregados para o coidado de nenos
A BARCALA		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
BERGANTIÑOS	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas e profesionais similares 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Condutores de autobuses • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas 	<ul style="list-style-type: none"> • Vixilantes, gardiáns e asimilados • Asistentes domiciliarios
BETANZOS		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Deportistas e profesionais similares • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Gardas xurados e persoal de seguridade privado
A CORUÑA	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Asistentes domiciliarios • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Técnicos en educación infantil • Educadores sociais • Montadores e empalmadores de cables • Operadores de instalacións de incineración, de tratamentos de augas e outros operadores en plantas similares 	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas e profesionais similares

¹⁵ Só incluímos os grupos ocupacionais que contan con, polo menos, 10 contratados ao longo do ano 2009.

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
EUME		<ul style="list-style-type: none"> • Empregados para o coidado de nenos • Técnico en electrónica e telecomunicacións • Educadores sociais • Condutores de autobuses • Asistentes domiciliarios • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Técnicos de laboratorio sanitario 	<ul style="list-style-type: none"> • Albaneis e canteiros
FERROL	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Instaladores de material illante térmico e de insonorización 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicos en educación infantil • Técnicos de laboratorio sanitario • Asistentes domiciliarios • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados
FISTERRA		<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras • Asistentes domiciliarios
MUROS	<ul style="list-style-type: none"> • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Animadores comunitarios • Persoal de limpeza de fachadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados
NOIA		<ul style="list-style-type: none"> • Outros traballadores das obras estruturais de construción 	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas e profesionais similares • Condutores de autobuses
O SAR		<ul style="list-style-type: none"> • Guías e azafatas de terra • Asistentes domiciliarios • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Fontaneiros e instaladores de tubos
ORDES		<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses • Operadores de instalacións de produción de enerxía eléctrica • Gardas xurados e persoal de seguridade privada 	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas e profesionais similares • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
ORTEGAL		<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Deportistas e profesionais similares • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Asistentes domiciliarios
SANTIAGO	<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Técnicos de empresas e actividades turísticas • Outros profesionais de nivel medio de informática • Outros traballadores das obras estruturais de construción • Técnicos de educación infantil 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais
TERRA DE MELIDE		<ul style="list-style-type: none"> • Empregados para o coidado de nenos • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Peóns forestais
TERRA DE SONEIRA		<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses • Fontaneiros e instaladores de tubos • Técnico en educación infantil • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade
XALLAS		<ul style="list-style-type: none"> • Revocadores, escaiolistas e estuquistas 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade
A FONSGRADA		<ul style="list-style-type: none"> • Asistentes domiciliarios 	
A MARIÑA CENTRAL		<ul style="list-style-type: none"> • Fontaneiros e instaladores de tubos • Guías e azafatas de terra • Técnicos en educación infantil • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas • Peóns forestais
A MARIÑA OCCIDENTAL	<ul style="list-style-type: none"> • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados 	<ul style="list-style-type: none"> • Asistentes domiciliarios • Peóns forestais 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Vixilantes, gardiáns e asimilados • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
A MARIÑA ORIENTAL		<ul style="list-style-type: none"> Animadores comunitarios Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas Técnicos en educación infantil Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados Deportistas e profesionais similares Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios Condutores de autobuses
A ULLOA		<ul style="list-style-type: none"> Albaneis e canteiros Animadores comunitarios Asistentes domiciliarios Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> Outros traballadores das obras estruturais da construción Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade Peóns forestais
CHANTADA		<ul style="list-style-type: none"> Deportistas e profesionais similares Outros traballadores das obras estruturais da construción 	<ul style="list-style-type: none"> Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade
LUGO	<ul style="list-style-type: none"> Peóns forestais Outros traballadores das obras estruturais de construción 	<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios Empregados para o coidado de nenos Gardas xurados e persoal de seguridade privado 	<ul style="list-style-type: none"> Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
MEIRA		<ul style="list-style-type: none"> Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios Peóns forestais
OS ANCARES		<ul style="list-style-type: none"> Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> Peóns forestais Asistentes domiciliarios Condutores de autobuses
QUIROGA		<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios Peóns forestais 	<ul style="list-style-type: none"> Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade
SARRIA		<ul style="list-style-type: none"> Animadores comunitarios Outros empregados no coidado de persoas e asimilados Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados 	

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
TERRA CHÁ	<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> Animadores comunitarios 	<ul style="list-style-type: none"> Outros empregados no coidado de persoas e asimilados Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns Fontaneiros e instaladores de tubos Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas
TERRA DE LEMOS		<ul style="list-style-type: none"> Educadores sociais 	<ul style="list-style-type: none"> Albaneis e canteiros Outros empregados no coidado de persoas e asimilados Gardas xurados e persoal de seguridade privada Animadores comunitarios Condutores de autobuses Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns Empregados para o coidado de nenos
A LIMIA		<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> Albaneis e canteiros Fontaneiros e instaladores de tubos Animadores comunitarios Técnicos en educación infantil Enxeñeiros técnicos en especialidades agrícolas e forestais Promotores de igualdade de oportunidades para a muller e outros profesionais de apoio á promoción social Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
ALLARIZ-MACEDA	<ul style="list-style-type: none"> Profesores de ensino infantil 	<ul style="list-style-type: none"> Condutores de autobuses Asistentes domiciliarios Empregados para o coidado de nenos Empregados do fogar 	<ul style="list-style-type: none"> Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade Educadores sociais Técnicos en educación infantil
BAIXA LIMIA	<ul style="list-style-type: none"> Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> Animadores comunitarios Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais 	<ul style="list-style-type: none"> Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns Empregados do fogar

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
O CARBALLIÑO		<ul style="list-style-type: none"> • Empregados para o coidado de nenos • Condutores de autobuses 	<ul style="list-style-type: none"> • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Animadores comunitarios • Asistentes domiciliarios
O RIBEIRO		<ul style="list-style-type: none"> • Albaneis e canteiros • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Promotores de igualdade de oportunidades para a muller e outros profesionais de apoio á promoción social • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Enxeñeiros técnicos en especialidades agrícolas e forestais • Fontaneiros e instaladores de tubos • Bombeiros • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
OURENSE		<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Animadores comunitarios • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas • Educadores sociais • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses • Deportistas e profesionais similares • Asistentes domiciliarios
TERRA DE CALDELAS		<ul style="list-style-type: none"> • Albaneis e canteiros • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade
TERRA DE CELANOVA		<ul style="list-style-type: none"> • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados • Asistentes domiciliarios • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Animadores comunitarios
TERRA DE TRIVES			<ul style="list-style-type: none"> • Albaneis e canteiros
VALDEORRAS	<ul style="list-style-type: none"> • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados • Asistentes domiciliarios 		<ul style="list-style-type: none"> • Revocadores, escaiolistas e estuquistas • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
VERÍN		<ul style="list-style-type: none"> • Albaneis e canteiros • Enxeñeiros técnicos en especialidades agrícolas e forestais • Promotores de igualdade de oportunidades para a muller e outros profesionais de apoio á promoción social • Asistentes domiciliarios • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas e profesionais similares • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas
VIANA		<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados
A PARADANTA		<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Outros traballadores das obras estruturais de construción 	<ul style="list-style-type: none"> • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
CALDAS		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Gardas xurados e persoal de seguridade privado 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Outros traballadores das obras estruturais da construción • Técnicos en educación infantil • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Empregados para o coidado de nenos
O BAIXO MIÑO		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Outros traballadores das obras estruturais de construción • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
O CONDADO		<ul style="list-style-type: none"> • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas • Guías e azafatas de terra • Técnicos en educación infantil • Asistentes domiciliarios • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Revocadores, escaiolistas e estuquistas

PERSPECTIVAS DOS NOVOS FILÓNS DE EMPREGO NAS COMARCAS GALEGAS			
COMARCAS	Perspectivas óptimas	Boas perspectivas	Perspectivas irregulares
DEZA		<ul style="list-style-type: none"> • Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns 	<ul style="list-style-type: none"> • Asistentes domiciliarios • Peóns forestais • Animadores comunitarios • Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Tronzadores, labrantes e gravadores de pedras
O MORRAZO		<ul style="list-style-type: none"> • Fontaneiros e instaladores de tubos • Animadores comunitarios • Técnicos en educación infantil • Empregados para o coidado de nenos 	<ul style="list-style-type: none"> • Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados • Deportistas e profesionais similares • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas
O SALNÉS		<ul style="list-style-type: none"> • Guías e azafatas de terra • Empregados de axencias de viaxes • Peóns forestais • Técnicos en educación infantil • Outros traballadores das obras estruturais da construción • Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios
PONTEVEDRA		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Vixilantes, gardiáns e asimilados • Deportistas e profesionais similares • Guías e azafatas de terra • Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas 	<ul style="list-style-type: none"> • Peóns forestais • Condutores de autobuses • Outros traballadores das obras estruturais da construción • Gardas xurados e persoal de seguridade privado • Asistentes domiciliarios
TABEIRÓS- TERRA DE MONTES		<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Condutores de autobuses • Peóns forestais
VIGO	<ul style="list-style-type: none"> • Empregados para o coidado de nenos • Outros traballadores das obras estruturais da construción 	<ul style="list-style-type: none"> • Animadores comunitarios • Outros empregados no coidado de persoas e asimilados • Técnicos de educación infantil • Asistentes domiciliarios 	<ul style="list-style-type: none"> • Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados • Deportistas e profesionais similares • Guías e azafatas de terra • Condutores de autobuses

**Análise contractual doutras
actividades económicas con boas
perspectivas de emprego non
incluídas nos filóns**



Para a determinación das seguintes ocupacións tivemos en conta a mesma metodoloxía aplicada para os filóns de emprego, e tratamos de agrupar os resultados por actividades económicas.

7.1. AGROGANDEIRO

O sector agrario vén rexistrando un crecemento do número de contratados nos últimos cinco anos, situándose entre os grupos ocupacionais máis contratados de Galicia. En calquera caso, as ocupacións destacadas pertencen ao grupo de peonaxe.

O sector gandeiro experimentou unha lixeira caída no último ano e presenta unhas perspectivas irregulares.

Evolución dos contratados 2005-2009


GRUPOS OCUPACIONAIS ¹⁶		2005	2006	2007	2008	2009
8530	Operadores de maquinaria agrícola móbil	510	572	645	753	819
9410	Peóns agrícolas	2.419	2.763	2.838	3.219	3.779
9420	Peóns gandeiros	548	497	563	663	606

Os peóns agrícolas inclúen dentro das súas ocupacións o peón xardineiro, pero a análise dos CNAE máis contratantes indica unha maior prevalencia do sector agrario.

¹⁶ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:

8530	OPERADORES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA MÓBIL
8530.001.3	CONDUTOR-OPERADOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA CON MOTOR, EN XERAL
8530.002.2	MANIPULADOR DE COLLEITADORAS, EN XERAL
8530.007.3	TRACTORISTA-MANIPULADOR AGRÍCOLA
8530.008.4	CONDUTOR-OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL CON MOTOR, EN XERAL
9410	PEÓNS AGRÍCOLAS
9410.001.1	PEÓN AGRÍCOLA, EN XERAL
9410.006.4	PEÓN AGRÍCOLA, XARDINARÍA
9420	PEÓNS GANDEIROS
9420.001.0	PEÓN GANDEIRO, EN XERAL
9420.004.3	MOZO DE CORTE

Hai autores que expoñen a existencia doutros campos de actividade económica e de emprego de crecente importancia que si responden á lóxica das “novas” necesidades e que non están incluídos na lista dos novos filóns de emprego, e dentro destes aparece relacionada a agricultura ecolóxica, o que podería ser un novo campo a explotar con maior intensidade na nosa comunidade autónoma, orientándoo cara á industria agroalimentaria. Gráficamente a evolución é a que segue:




Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os referidos a continuación:

OPERADORES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA MÓBIL	PEÓNS GANDEIROS	PEÓNS AGRÍCOLAS
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Certificado de escolaridade 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria

Estas actividades económicas aparecen claramente masculinizadas; non obstante, son os operadores de maquinaria agrícola móbil os que mostran un nesgo maior, representando un 98% dos contratados. Os peóns agrícolas contan cun 38% de mulleres, aparecendo como o grupo ocupacional que menos reflicte a presenza do colectivo masculino.


En canto ás idades máis recorrentes, marcan certa diferenza ao destacar o grupo de menores de 26 anos nos peóns agrícolas, mentres que nos outros grupos destaca o intervalo de 26-35 anos.



En xeral, estamos fronte a traballadores que non contan con alta cualificación; no entanto, nos peóns gandeiros destacan os traballadores con certificado de escolaridade e, nos outros dous grupos, a titulación de ensinanza obrigatoria.

En canto á contratación indefinida, apréciase unha lixeira caída no último ano, agás no caso dos operadores de maquinaria agrícola móbil, aínda que é o grupo con menor repercusión contractual. A maior porcentaxe de contratación indefinida ten lugar nos peóns gandeiros, que acadan un 31% dos contratos realizados. Pola contra, os peóns agrícolas son os que presentan unha maior temporalidade dos tres grupos analizados. Graficamente a evolución é a seguinte:

CONTRATOS INDEFINIDOS



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OPERADORES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA MÓBIL
CNAE 02 Silvicultura e explotación forestal
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
CNAE 01 Agricultura, gandería, caza e silvicultura
PEÓNS AGRÍCOLAS
CNAE 01 Agricultura, gandería, caza e silvicultura
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría
CNAE 11 Fabricación de bebidas
CNAE 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
PEÓNS GANDEIROS
CNAE 01 Agricultura, gandería, caza e silvicultura
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego

O CNAE 78, destacado en segundo termo nos peóns agrícolas con 1.368 contratos, inclúe as empresas de traballo temporal, o que incide na idea da alta temporalidade deste grupo ocupacional.

7.2. MARÍTIMO-PESQUEIRO


Este sector de gran tradición na nosa comunidade autónoma conta con grupos ocupacionais que mostran un crecemento contractual e boas perspectivas de emprego, segundo a análise dos indicadores de tendencia e ocupabilidade. A evolución dos contratados 2005-2009 é esta:

GRUPOS OCUPACIONAIS ¹⁷		2005	2006	2007	2008	2009
3051	Oficiais maquinistas	1.104	1.183	1.158	1.124	1.236
7516	Mergulladores	161	134	116	148	194
8550	Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	317	864	1.178	882	1.133
9450	Peóns da pesca	360	367	377	363	561

¹⁷ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:

3051	OFICIAIS MAQUINISTAS
3051.001.6	XEFE DE MÁQUINAS DE BUQUE MERCANTE
3051.002.7	MAQUINISTA NAVAL
3051.002.7	OFICIAL DE MÁQUINAS DE BUQUE MERCANTE
3051.003.8	FRIGORISTA NAVAL
3051.004.9	MECÁNICO NAVAL
3051.004.9	OFICIAL DE MÁQUINAS DE BUQUE DE PESCA
3051.005.0	MECÁNICO DE LITORAL (MOTORISTA NAVAL)
7516	MERGULLADORES
7516.001.4	MERGULLADOR, EN XERAL
7516.002.3	MARIÑEIRO-MERGULLADOR
7516.005.0	MERGULLADOR (CONSTRUCCIÓN)
7516.006.9	MERGULLADOR-SOLDADOR-OXICORTADOR
7516.007.8	MERGULLADOR (SALVAMENTO)
8550	MARIÑEIRO DE CUBERTA DE BARCO E ASIMILADOS
8550.001.1	CONTRAMESTRE DE CUBERTA (EXCEPTO PESCA)
8550.002.0	MARIÑEIRO DE CUBERTA (EXCEPTO PESCA)
8550.002.0	MARIÑEIRO DE IATE
8550.004.2	MOZO DE CUBERTA
8550.005.3	BOMBEIRO DE BUQUES ESPECIALIZADOS
8550.005.3	OPERADOR DE BOMBAS EN BUQUES ESPECIALIZADOS
9450	PEÓNS DA PESCA E DA CAZA
9450.002.4	PEÓN DE ACUICULTURA
9450.007.9	PEÓN DA CAZA

As ocupacións que moven máis contratación son os oficiais maquinistas (xefes de máquinas, maquinistas, frigoristas navais e mecánicos navais) e os mariñeiros de cuberta de barco e asimilados (conrastre, mariñeiros de cuberta, bombeiro de buques especializados, mozo de cuberta). Gráficamente a evolución contractual é a que segue:




Agás o grupo de mariñeiros de cuberta, que mostra unhas oscilacións importantes tanto de crecemento (2005-2007 e no último ano) como de decrecemento (2008), os outros tres grupos ocupacionais presentan unhas evolucións bastante estables, reflectindo todos eles un aumento do número de contratados no último ano. Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

OFICIAIS MAQUINISTAS	MERGULLADORES
<ul style="list-style-type: none"> Home De 26 a 35 anos Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> Home De 26 a 35 anos Certificado de escolaridade
MARIÑEIRO DE CUBERTA DE BARCO E ASIMILADOS	PEÓN DA PESCA
<ul style="list-style-type: none"> Home Menores de 26 anos Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> Home Menores de 26 anos Titulación ensinanza obrigatoria

Son ocupacións claramente masculinizadas. Os peóns da pesca contan cun 33% de mulleres contratadas no ano 2009, mentres que nos outros grupos ocupacionais a contratación a este colectivo é practicamente inexistente.

Os intervalos de idade son os que presentan máis diferenzas entre as ocupacións analizadas. Graficamente a situación é a que segue:




O grupo de 26 a 35 anos é o máis contratado. Como dato destacable, hai que dicir que o segundo grupo máis contratado nos oficiais maquinistas é o de 46 a 55 anos, orientándose a contratación cara a grupos de máis idade, situación contraria á que sucede nos peóns de pesca, onde en segundo termo destacan os menores de 26 anos.

Nos mariñeiros de cuberta destaca case de xeito paralelo o grupo de 36 a 45 anos, perfilándose uns traballadores de idade media.

A titulación máis recorrente nos contratados nestes grupos é a de titulados de ensinanza obrigatoria; no entanto, nos mariñeiros de cuberta aparecen moi próximos ao número de contratados rexistrados que presentan tan só o certificado de escolaridade.

A maior porcentaxe de contratación indefinida dáse no grupo de mariñeiros de cuberta, acadando o 27% da contratación. No grupo de oficiais e maquinistas está diminuindo este tipo de contratación; aínda así, acada un 17%. A evolución queda reflectida no seguinte gráfico:



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OFICIAIS MAQUINISTAS
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 03 Pesca e acuicultura
CNAE 50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores
MERGULLADORES
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 42 Enxeñaría civil
CNAE 43 Actividades de construción especializada
MARIÑEIROS DE CUBERTA DE BARCO E ASIMILADOS
CNAE 03 Pesca e acuicultura
CNAE 50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores
CNAE 52 Almacenamento e actividades anexas do transporte
PEÓNS DA PESCA
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 03 Pesca e acuicultura
CNAE 52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte

As empresas de traballo temporal teñen unha gran presenza nestas contratacións (CNAE 78), agás no caso de mariñeiros de cuberta de barco e asimilados, grupo ocupacional que conta coa maior porcentaxe de contratación indefinida.

7.3. FABRICACIÓN MECÁNICA


A actual situación económica repercutiu de forma negativa nalgúns actividades relacionadas coa fabricación mecánica; valla como exemplo a industria do automóbil. Aínda así, aparecen unha serie de ocupacións con crecemento contractual e boas perspectivas de emprego, concretamente as que aparecen na seguinte táboa:

GRUPOS OCUPACIONAIS ¹⁸		2005	2006	2007	2008	2009
8311	Operadores de máquinas-ferramenta	545	713	829	1.287	1.113
8414	Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico	129	138	290	186	227

¹⁸ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:

8311	OPERADORES DE MÁQUINAS-FERRAMENTA
8311.001.2	OPERADOR DE MÁQUINAS-FERRAMENTA DE LABRAR METAIS, EN XERAL
8311.002.1	OPERADOR TORNEIRO-FRESADOR (FABRICACIÓN)
8311.002.1	TORNEIRO FRESADOR
8311.003.0	OPERADOR DE TORNO UNIVERSAL, AUTOMÁTICO E/OU REVÓLVER
8311.006.3	OPERADOR DE TORNO CON CONTROL NUMÉRICO (METAIS)
8311.007.4	OPERADOR DE MÁQUINA CORTADORA DE METAIS
8311.009.6	OPERADOR DE MÁQUINA ENTALLADORA DE EMBUTIR METAIS
8311.012.4	OPERADOR DE MÁQUINA FRESADORA (METAIS)
8311.013.3	OPERADOR DE MÁQUINA FRESADORA CON CONTROL NUMÉRICO (METAIS)
8311.014.2	OPERADOR DE MÁQUINA CEPILLADORA-LIMADORA (METAIS)
8311.015.1	OPERADOR DE MÁQUINA MANDRINADORA (METAIS)
8311.016.0	OPERADOR DE MÁQUINA TRADEADORA (METAIS)
8311.018.2	OPERADOR DE MÁQUINA MOLDEADORA (METAIS)
8311.020.9	OPERADOR DE MÁQUINA RECTIFICADORA (METAIS)
8311.021.8	OPERADOR DE MÁQUINA OXICORTADORA (METAIS)
8311.022.7	OPERADOR DE PRENSA MECÁNICA DE METAIS
8311.023.6	OPERADOR DE MÁQUINA ESTAMPADORA (METAIS)
8311.026.3	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA A ELABORACIÓN DE XOIARÍA E/OU BIXUTARÍA INDUSTRIAL
8311.028.1	ALISTADOR/ACABADOR E/OU VERIFICADOR DE XOIARÍA E BIXUTARÍA INDUSTRIAL
8311.034.8	OPERADOR DE FABRICACIÓN DE CREMALLEIRAS E/OU REMACHES
8311.041.4	OPERADOR DE MÁQUINAS PARA FABRICAR XOGUETES METÁLICOS
8311.042.3	OPERADOR DE MANTEMENTO DE MÁQUINAS-FERRAMENTA PARA TRABALLAR METAIS, EN XERAL
8414	ENSAMBLADORES DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO E DE PLÁSTICO
8414.001.4	ENSAMBLADOR DE PRODUTOS METÁLICOS, EN XERAL
8414.003.2	ENSAMBLADOR DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO OU PLÁSTICO EN CADEA DE MONTAXE
8414.007.8	MONTADOR EN LIÑAS DE ENSAMBLAXE DE AUTOMOCIÓN
8414.008.7	MONTADOR DE MATERIAL RODADO FERROVIARIO

O volume contractual é moi relevante no caso dos operadores de máquinas-ferramenta, que agás no ano 2009 presentan unha evolución moi positiva no seu número de contratados. Os ensambladores veñen incrementado a súa presenza a pesar da caída contractual do 2008. Gráficamente a situación queda reflectida no seguinte gráfico:



A pesar da caída do último ano, os operadores de máquinas-ferramenta superan os 1.000 contratados anuais e duplican o número acadado en 2005.


Os **perfis máis habituais das persoas contratadas** nestes grupos ocupacionais son os que seguen:

OPERADORES DE MÁQUINAS-FERRAMENTA	ENSAMBLADORES DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO E DE PLÁSTICO
<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Home • De 26 a 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria


Estas ocupacións están masculinizadas, acadando un 70% dos contratados, aínda que podemos apreciar un aumento da presenza da muller nestas ocupacións.

O intervalo de idade máis recorrente é o de 26 a 35 anos. Nun segundo termo aparecen tanto os menores de 26 anos como o grupo de 36 a 45 anos, cunha presenza practicamente similar.

A titulación académica máis contratada é a ensinanza obrigatoria; non obstante, apréciase nun segundo termo a presenza dos traballadores de formación profesional nos operadores de máquinas-ferramenta, mentres que no outro grupo aparecen nun segundo termo os que acreditan ter certificado de escolaridade. A situación é a que segue:



A contratación indefinida supón aproximadamente o 10% dos contratados, e no caso dos operadores de máquinas-ferramenta, reflicten unha forte caída desde o ano 2007.



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:


OPERADORES DE MÁQUINAS-FERRAMENTA
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento
CNAE 29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques
ENSAMBLADORES DE PRODUTOS METÁLICOS, DE CAUCHO E DE PLÁSTICO
CNAE 78 Actividades relacionadas co emprego
CNAE 46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas
CNAE 43 Actividades de construción especializada

O CNAE máis recorrente é o 78, que inclúe as empresas de traballo temporal, o que indica un alto grao de temporalidade na contratación destes profesionais.

7.4. ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS

As actividades de administración e xestión teñen un carácter transversal a todos os sectores económicos. Tanto os secretarios administrativos como os auxiliares contan con perspectivas de emprego razoables dentro da situación actual; no entanto, queremos destacar a situación do grupo ocupacional que inclúe profesionais da administración e organización empresarial¹⁹, concretamente: investigación de mercados e analistas de riscos, ocupacións que poden verse beneficiadas no actual contorno socioeconómico. A evolución gráfica deste grupo ocupacional é o que segue:

Outros profesionais en organización e administración de empresas



¹⁹ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:


2419	OUTROS PROFESIONAIS DE NIVEL SUPERIOR EN ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS
2419.001.5	TÉCNICO SUPERIOR EN ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS, EN XERAL
2419.005.1	TÉCNICO SUPERIOR EN INVESTIGACIÓN DE MERCADOS
2419.006.0	ANALISTA ORZAMENTARIO E/OU DE RISCOS
2419.009.7	ASESOR DE EMPRESAS
2419.009.7	CONSULTOR DE EMPRESAS
2419.010.9	AXENTE DE PATENTES E MARCAS
2419.010.9	AXENTE DA PROPIEDAD INDUSTRIAL

Reflicte unha lixeira caída no ano 2009 e, sen acadar un alto volume contractual, véñse afianzando nos últimos anos.

O perfil máis habitual das persoas contratadas neste grupo ocupacional é o que segue:

OUTROS PROFESIONAIS EN ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Muller • De 26 a 35 anos • Titulados universitarios

O 61% das contratadas son mulleres e o 57% dos contratados teñen entre 26 e 35 anos. En canto ás titulacións, predominan os titulados universitarios.



Desde o ano 2007 está diminuindo a contratación indefinida e, aínda así, acada o 26% dos contratos realizados.


En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

PROFESIONAIS EN ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS
CNAE 72 Investigación e desenvolvemento
CNAE 94 Actividades asociativas
CNAE 85 Educación
CNAE 69 Actividades xurídicas e de contabilidade
CNAE 70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial

Un dato a destacar neste aspecto é a gran diversidade de CNAE contratantes, sen que poidamos destacar moito ningún deles. O que acada máis contratos é o de investigación e desenvolvemento.

7.5. ENXEÑARÍA

O Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (CEDEFOP) estima que a maioría dos novos empregos se crearán en profesións cunha elevada exigencia de coñecementos e competencias, como por exemplo postos técnicos e directivos de alto nivel. En concordancia con esta idea, debemos destacar a evolución positiva no grupo de enxeñeiros superiores, grupo que engloba un bo número de titulacións referidas á loxística, calidade, medio ambiente, organización industrial, etc²⁰. A evolución gráfica deste grupo ocupacional é a que segue:



²⁰ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:


2059	OUTROS ENXEÑEIROS SUPERIORES (EXCEPTO AGROPECUARIOS)
2059.001.9	ENXEÑEIRO AMBIENTAL
2059.002.8	ENXEÑEIRO DE CALIDADE
2059.003.7	ENXEÑEIRO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
2059.004.6	ENXEÑEIRO DE DESEÑO
2059.005.5	ENXEÑEIRO DE FABRICACIÓN OU PLANTA
2059.006.4	ENXEÑEIRO DE INSTALACIÓNS
2059.007.3	ENXEÑEIRO DE LOXÍSTICA
2059.008.2	ENXEÑEIRO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN
2059.009.1	ENXEÑEIRO DE MATERIAIS
2059.010.3	ENXEÑEIRO DE MONTAXE
2059.011.2	ENXEÑEIRO DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL
2059.012.1	ENXEÑEIRO DE PROCESOS
2059.013.0	ENXEÑEIRO DE PLANIFICACIÓN E PRODUCIÓN
2059.014.9	ENXEÑEIRO DE PRODUTO
2059.015.8	ENXEÑEIRO DE PROXECTOS
2059.017.6	ENXEÑEIRO DE SEGURIDADE
2059.018.5	ENXEÑEIRO DE SERVIZOS
2059.019.4	ENXEÑEIRO EN PAPELEIRA E GRÁFICA
2059.020.6	ENXEÑEIRO TÉXTIL

A evolución positiva no número de contratados viuse afectada no ano 2009 por unha lixeira caída contractual.

O perfil máis habitual das persoas contratadas neste grupo ocupacional é o que segue:




O 69% dos contratados son homes. A titulación máis recorrente é a de titulados universitarios e a idade está claramente inclinada cara ao intervalo de 26 a 35 anos.



A contratación indefinida experimentou un retroceso no último ano coincidindo coa caída contractual. No entanto, a taxa de contratación indefinida acada o 33%, o que indica que de cada tres contratos un deles é indefinido.

Graficamente:



En canto ás actividades económicas que máis contratan este tipo de profesionais, son as seguintes, por orde de importancia:

OUTROS ENXEÑEIROS SUPERIORES (EXCEPTO AGROPECUARIOS)
CNAE 71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicas
CNAE 72 Investigación e desenvolvemento
CNAE 43 Actividades de construción especializada

7.6. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Sen entrar en máis detalle, tamén consideramos oportuno destacar o mantemento de ocupacións tanto da ensinanza como da sanidade, sectores que resisten á actual situación socioeconómica dadas a necesidades básicas que cobren ambos os dous; así mesmo, son sectores que tamén fan referencia a moito emprego público.

O sector da restauración (moi vinculado ao ámbito de turismo) non se atopa tan afectado como outras actividades económicas; non obstante, ocupacións moi contratadas en Galicia, como camareros e cociñeiros, ven prexudicadas as súas perspectivas de emprego. O grupo ocupacional de **xefe de cociñeiros, de camareiros e asimilados**²¹ resiste en maior medida a situación, indicando un mantemento de emprego en ocupacións que indican un maior nivel de cualificación.

Este grupo ocupacional mostra un equilibrio entre homes e mulleres contratadas, acadando estas últimas un 51%. O intervalo de idade máis recorrente é o de 26-35 anos, aparecendo en segundo termo os traballadores de entre 36 a 45 anos. A titulación máis habitual é a de ensinanza obrigatoria.


Un dato moi interesante é a elevada taxa de contratación indefinida, que acada un 34%, moi afastada da coñecida temporalidade do sector hostaleiro. En canto aos CNAE máis contratantes, aparece nun primeiro termo o 56: Servizos de comidas e bebidas.

²¹ As ocupacións que están incluídas nestes grupos ocupacionais son as que seguen:

5030	XEFES DE COCIÑEIROS, DE CAMAREIROS E ASIMILADOS
5030.001.9	XEFE DE COCIÑA (HOSTALARÍA)
5030.002.0	XEFE DE PARTIDA (HOSTALARÍA)
5030.005.3	XEFE DE COMEDOR OU MESTRESALA
5030.006.4	XEFE DE BARRA EN BAR O CAFETARÍA
5030.007.5	XEFE DO SERVIZO DE VIÑOS
5030.007.5	SUMILLER



**Certificados de
profesionalidade**



8.1. PAPEL DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

O certificado de profesionalidade²² é o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral, que acredita a capacitación para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación para o emprego e asegura a formación necesaria para a súa adquisición, no marco do subsistema de formación profesional para o emprego regulado no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

O certificado de profesionalidade configura un perfil profesional entendido como conxunto de competencias profesionais identificable no sistema produtivo, e recoñecido e valorado no mercado laboral.

Ten carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, sen que constitúa regulación do exercicio profesional, e será expedido polo Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades autónomas.

Os certificados de profesionalidade teñen por finalidade:

- Acreditar as cualificacións profesionais ou as unidades de competencia recollidas neles, independentemente da súa vía de adquisición, ben sexa a través da vía formativa, ou mediante a experiencia laboral, ou vías non formais.
- Facilitar a aprendizaxe permanente de toda a cidadanía mediante unha formación aberta, flexible e accesible.
- Favorecer a transparencia do mercado de traballo.
- Ordenar a oferta formativa do subsistema de formación profesional para o emprego vinculada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Contribuír á calidade da oferta de formación profesional para o emprego.
- Contribuír á integración, transferencia e recoñecemento entre as diversas ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar considera imprescindible o investimento en capital humano como medida fundamental para acadar a inserción e/ou reinserción laboral dos traballadores desempregados.

Máis que nunca, a formación debe orientarse cara a aqueles sectores que presentan unhas maiores perspectivas de emprego e fundamentalmente, dentro do posible, na programación dos novos certificados de profesionalidade, ao entender que estes redundarán en beneficio do alumnado á hora de buscar un traballo.

Ao longo deste estudo imos definindo actividades económicas que contan con ocupacións con boas perspectivas de emprego, estean ou non relacionadas cos novos filóns de emprego. Imos tratar agora de buscar a conexión entre estas ocupacións e as cualificacións profesionais indicando a existencia de novos certificados de profesionalidade publicados ou que está previsto publicar a curto prazo²³. A existencia destes certificados repercutiría nunha maior produtividade dos profesionais das distintas actividades económicas relacionadas, obtendo ademais unha formación acreditada que facilitaríaa súa busca de traballo.

²² Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

²³ No anexo III aparecen todos os certificados publicados con data do 25 de maio de 2010.

8.2. NIVEIS DE CUALIFICACIÓN

O Repertorio nacional de certificados de profesionalidade é o conxunto dos certificados de profesionalidade ordenados sectorialmente nas actuais 26 familias profesionais e de acordo cos niveis de cualificación establecidos nos anexos I e II do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, modificado polo Real decreto 1416/2005 de novembro.

Estes certificados están asociados a un nivel de cualificación que indicaría o nivel de formación que sería requirido²⁴.

NIVEL DE CUALIFICACIÓN		NIVEL DE FORMACIÓN
NIVEL 1	Competencia nun conxunto reducido de actividades simples, dentro de procesos normalizados. Coñecementos e capacidades limitados.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecementos básicos.
NIVEL 2	Competencia en actividades determinadas que poden executarse con autonomía. Capacidade de utilizar instrumentos e técnicas propias. Coñecementos de fundamentos técnicos e científicos da actividade do proceso.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecementos equivalentes á ensinanza secundaria obrigatoria ou ciclo formativo de grao medio.
NIVEL 3	Competencia en actividades que requiren dominio de técnicas e se executan con autonomía. Responsabilidade de supervisión de traballo técnico e especializado. Comprensión dos fundamentos técnicos e científicos das actividades e do proceso.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecementos equivalentes ao bacharelato ou ciclo formativo de grao superior.

Ata o de agora non hai desenvolva ningunha cualificación de nivel 4 ou 5 dirixida a diplomados e licenciados universitarios.

NIVEL 4	Competencia nun amplo conxunto de actividades complexas. Diversidade de contextos con variables técnicas científicas, económicas ou organizativas. Responsabilidade de supervisión de traballo e asignación de recursos. Capacidade de innovación para planificar accións, desenvolver proxectos, procesos, produtos ou servizos.	<ul style="list-style-type: none"> • Diplomados universitarios
NIVEL 5	Competencia nun amplo conxunto de actividades moi complexas executadas con grande autonomía. Diversidade de contextos que resultan, a miúdo, impredecibles. Planificación de accións e deseño de produtos, procesos ou servizos. Responsabilidade en dirección e xestión.	<ul style="list-style-type: none"> • Licenciados universitarios

²⁴ Sen entrar en máis profundidades neste aspecto, queremos indicar a existencia dun informe denominado Informe de acceso aos novos certificados de profesionalidade, que está dispoñible vía web na páxina da Consellería de Traballo e Benestar, concretamente no seguinte enderezo electrónico: http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados, onde se dá cumprida información neste senso.

Imos desenvolver os contidos daqueles certificados que terían dobre interese, tanto pola calidade e beneficios que lle reportarían ao profesional que os obtivesen como por entender que son ocupacións que presentan boas perspectivas de emprego para este ano 2010 en Galicia.

8.3. CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE RELACIONADOS CON ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE EMPREGO

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais marca os perfís profesionais que van sustentar os contidos da formación profesional.

Este catálogo está en distintas fases de desenvolvemento segundo a familia formativa á que nos referimos. Na actualidade contamos con 441 cualificacións aprobadas nas 26 familias profesionais e o número de certificados de profesionalidade publicados ascende a 98 ata maio de 2010. No entanto, nos próximos meses está prevista a publicación dun bo número de certificados que ampliaría a oferta neste sentido.

Non hai cualificacións publicadas de nivel 4 ou 5, polo que ocupacións que fan referencia a titulacións universitarias non estarían recollidas no Catálogo Nacional de Cualificacións.

Nos apartados anteriores vimos determinando a existencia dunha serie de actividades económicas con boas perspectivas de emprego, vinculando gran parte delas cos denominados novos filóns de emprego. Imos agora tratar de determinar que certificados estarían dispoñibles actualmente, cales están previstos a curto prazo ou, en caso de non atopar vinculación por estas dúas vías, definir se existe ou non unha cualificación publicada que faría referencia directa coa actividade considerada²⁵:

8.3.1 SERVICIOS A DOMICILIO

Esta área estaría cuberta coa existencia de dous certificados xa publicados:

ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO. Código: **SSCS0108**

Familia profesional: Servizos socioculturais e á comunidade.

Nivel de cualificación profesional: 2.

Cualificación profesional de referencia: SSC089_2 Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (RD 295/2004, do 20 de febreiro).

Competencia xeral:

Axudar no ámbito sociosanitario no domicilio a persoas con especiais necesidades de saúde física, psíquica e social, aplicando as estratexias e procedementos máis adecuados para manter e mellorar a súa autonomía persoal e as súas relacións co contorno.

²⁵ As actividades que non aparecen relacionadas son as que non teñen reflexo no actual Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Contorno profesional:Ámbito profesional:

En xeral, poderá exercer a súa actividade na organización, execución e control das actividades de atención sociosanitaria directa ás persoas e ao seu contorno no domicilio. En concreto, poderá ser contratado por: administracións públicas, fundamentalmente municipais e autonómicas, encargadas da xestión e prestación de servizos domiciliarios de atención a persoas dependentes. Entidades privadas, con ou sen ánimo de lucro, tanto se ofertan servizos directos ao usuario como se son responsables da xestión de servizos ou programas de atención domiciliaria de titularidade pública. Como autónomo, ofertando os seus servizos directamente a unidades convivenciais demandantes ou creando a súa propia empresa de servizos domiciliarios, asociado con outros técnicos.

Sectores produtivos:

Domicilios particulares.

Pisos tutelados.

Servizos de atención domiciliaria.

Duración da formación asociada: 600 horas.

ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS.

Código: **SSCS0208**

Familia profesional: Servizos socioculturais e á comunidade.

Nivel de cualificación profesional: 2.

Cualificación profesional de referencia: SSC320_2 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións (RD 1368/07, do 19 de outubro de 2007).

Competencia xeral:

Atender persoas dependentes no ámbito sociosanitario na institución onde se desenvolva a súa actuación, aplicando as estratexias deseñadas polo equipo interdisciplinario competente e os procedementos para manter e mellorar a súa autonomía persoal e as súas relacións co contorno.

Contorno profesional:Ámbito profesional:

Sitúase no ámbito público ou privado, en centros ou equipamentos que presten servizos de atención sociosanitaria: centros residenciais, centros de día.

Sectores produtivos:

Desenvolve a súa actividade profesional no sector de prestación de servizos sociais a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente en institucións de carácter social.

Duración da formación asociada: 450 horas.

8.3.2 ATENCIÓN Á INFANCIA

A única ocupación que ten reflexo no Catálogo Nacional das Cualificacións é a de técnico de educación infantil, xa que está previsto publicar un certificado de nivel 3 denominado educación infantil. Este certificado basearíase na cualificación do mesmo nome.

8.3.3 NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

As ocupacións destacadas están incluídas dentro do grupo 2 (que se corresponde con licenciados/diplomados); non obstante, na caracterización das persoas contratadas aparecen destacados os traballadores con nivel académico de formación profesional. Partindo desta circunstancia, debemos facer constar a próxima publicación dunha serie de certificados nesta familia profesional. Sen ánimo de estendernos, relacionaremos unicamente os que serían de nivel 3:

- Administración de bases de datos
- Programación con linguaxes orientadas a obxectos e bases de datos relacionais
- Administración e deseño de redes departamentais
- Xestión de sistemas informáticos
- Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web
- Programación en linguaxes estruturadas de aplicacións de xestión
- Xestión de redes de voz e datos
- Sistemas de xestión de información
- Administración e programación en sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes
- Xestión e supervisión de alarmas en redes de comunicacións
- Mantemento de segundo nivel en sistemas de radiocomunicacións

8.3.4 AXUDAS A MOZOS/AS CON DIFICULTADES DE INSERCIÓN

O certificado derivado da cualificación ***educación de habilidades de autonomía persoal e social*** está a punto de publicarse e tería relación directa cos educadores sociais.

8.3.5 TURISMO

As ocupacións destacadas non se corresponden co nivel das seguintes cualificacións, que son todas elas de nivel 3. Os empregados de axencias de viaxes parecen asimilarse a nun nivel máis baixo, mentres que os técnicos de actividades turísticas están incluídos no grupo 2 de licenciados e diplomados.

En calquera caso, as ocupacións con boas perspectivas están directamente relacionadas cos seguintes tres certificados:

CREACIÓN E XESTIÓN DE VIAXES COMBINADAS E EVENTOS. Código: **HOTG0108**

Familia profesional: Hostalaría e turismo.

Nivel de cualificación profesional: 3.

Cualificación profesional de referencia: HOT330_3 Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos (RD 1700/2007, do 14 de decembro).

Competencia xeral:

Crear e operar viaxes combinadas, produtos similares e eventos, utilizando, en caso necesario, a lingua inglesa, e xestionar o departamento ou unidade correspondente da axencia de viaxes ou entidade equivalente.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Desenvolvemento da súa actividade preferentemente en unidades produtivas de axencias de viaxes, touroperadores, entidades organizadoras de congresos, departamentos de eventos en establecementos hoteleiros e oficinas de promoción turística, tanto no sector público como privado.

Sectores produtivos:

Sector turístico, principalmente nos subsectores da distribución e promoción turística, en axencias de viaxes emisoras minoristas e maioristas-minoristas, touroperadores, axencias de viaxes receptoras, oficinas e entidades de promoción turística e organizadores profesionais de congresos u OPC. Tamén en establecementos como hoteis, centros de congresos e entidades organizadoras de eventos.

VENDA DE PRODUTOS E SERVIZOS TURÍSTICOS. Código: **HOTG0208**

Familia profesional: Hostalaría e turismo.

Nivel de cualificación profesional: 3.

Cualificación profesional de referencia: HOT095_3 Venda de servizos e produtos turísticos (RD 295/2004, do 20 de febreiro, e modificacións publicadas no RD 1700/2007, do 14 de decembro).

Competencia xeral:

Vender servizos e produtos turísticos, desenvolvendo a xestión económico-administrativa que resulta inherente e xestionando o departamento ou unidade correspondente da axencia de viaxes ou entidade equivalente.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Leva a cabo a súa actividade en unidades produtivas de axencias de viaxes e doutras entidades dedicadas á distribución turística (centrais de reservas, sistemas de distribución, representantes de prestatarios de servizos, etc.), tanto no nivel de persoal de contacto como en postos de supervisión.

Sectores produtivos:

Sector turístico e, especialmente, no subsector da distribución turística, incluíndo as axencias de viaxes e outros operadores do mercado turístico e das viaxes.

PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE. Código: **HOTI0108**

Familia profesional: Hostalaría e turismo.

Nivel de cualificación profesional: 3.

Cualificación profesional de referencia: HOT336_3 Promoción turística local e información ao visitante (RD 1700/2007, do 14 de decembro).

Competencia xeral:

Promover e comercializar destinos turísticos locais, xestionando servizos de información turística e participando na creación, comercialización e xestión de produtos e servizos turísticos do ámbito local, utilizando, en caso necesario, a lingua inglesa.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade, fundamentalmente, en entes públicos ou público-privados cuxa finalidade é a planificación e o desenvolvemento turístico territorial. Exerce as súas funcións como persoal de contacto cos usuarios do servizo ou en postos de xestión supervisados, dependendo do tamaño e complexidade da estrutura en que se integra, ou para a que traballe desde a empresa privada.

Sectores produtivos:

Desenvolve a súa actividade, fundamentalmente, en centros de visitantes, oficinas municipais de información turística, oficinas de congresos, padroados, consorcios ou calquera outro ente público, local ou autonómico. No seu ámbito profesional presta información e asesoramento, colabora en actividades de planificación, creación de produtos e promocións turísticos e xestiona unidades de información e distribución turísticas.

Aínda que as ocupacións relacionadas co seguinte certificado non aparecen con crecemento contractual, o certo é que a potenciación do turismo termal fai que nalgunhas zonas de Galicia teña interese a realización dun certificado específico nesta área que presentamos a continuación:

HIDROTERMAL. Código: **IMPP0308**

Familia profesional: Imaxe persoal.

Nivel de cualificación profesional: 3.

Cualificación profesional de referencia: IMP023_2 Hidrotermal (RD 295/2004, do 20 de febreiro, modificado polo RD 327/2008, do 29 de febreiro).

Competencia xeral:

Elaborar protocolos de actuación e organizar a prestación de servizos hidrotermais vinculados a programas de saúde, beleza e benestar e realizar propostas personalizadas de servizos, conxugando as demandas do cliente coa realización dun diagnóstico estético previo, ou seguindo as indicacións do facultativo, realizando a coordinación de equipos, o seguimento e a aplicación, de ser o caso,

das técnicas hidrotermais e complementarias, observando o cumprimento das normas de atención ao cliente, hixiene, seguridade e calidade.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade por conta allea en centros de talasoterapia, balnearios e centros de SPA, independentes ou ben asociados a organizacións tales como ximnasios, hoteis, residencias ou centros de beleza, dentro do departamento dedicado aos servizos hidrotermais.

Sectores produtivos:

Sector da estética, sector termal. Dentro do sector de hostalaría e turismo, naqueles que ofrecen servizos hidrotermais.

A potenciación doutros tipos de turismo, como o termal, de natureza, etc., repercutiría positivamente na creación doutros postos de traballo da área de restauración que tamén conta con certificados de profesionalidade publicados:

- HOTR0108 Operacións básicas de cociña (nivel 1)
- HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar (nivel 1)
- HOTR0308 Operacións básicas de cátering (nivel 1)
- HOTR0408 Cociña (nivel 2)
- HOTR0508 Servizos de bar e cafetaría (nivel 2)
- HOTR0608 Servizos de restaurante (nivel 2)

Tamén da área de aloxamento en hoteis:

- HOTA0108 Operacións básicas de pisos e aloxamentos (nivel 1)
- HOTA0208 Xestión de pisos e limpeza en aloxamentos (nivel 3)
- HOTA0308 Recepción en aloxamentos (nivel 3)

Están pendentes de publicar outros tres certificados de profesionalidade de interese no sector turístico: animación turística, dirección e produción en cociña, e guía de turistas e visitantes.

8.3.6 DEPORTES

Os certificados derivados das cualificacións ***acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente e acondicionamento físico en grupo de soporte musical*** están próximos a publicarse.

8.3.7 TRATAMENTO DE RESIDUOS/XESTIÓN DA AUGA

Atopamos dous certificados relacionados pertencentes a dúas familias diferentes: enerxía e auga, e seguridade e medio ambiente.

MONTAXE E MANTEMENTO DE REDES DE AUGA. Código: **ENAT0108**

Familia profesional: Enerxía e auga.

Nivel de cualificación profesional: 2.

Cualificación profesional de referencia: ENA191_2 Montaxe e mantemento de redes de auga (RD 1228/2006).

Competencia xeral:

Realizar a montaxe, posta en servizo, operación e mantemento de redes de abastecemento e distribución de auga, así como a instalación e o mantemento de redes de saneamento, coa calidade e seguridade requiridas e cumprindo a normativa vixente.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional, tanto por conta propia como allea, na área ou departamento de produción de pequenas, medianas e grandes empresas, públicas ou privadas, dedicadas a realizar a montaxe, a explotación e o mantemento de redes de distribución de auga e saneamento.

Sectores produtivos:

Esta cualificación sitúase no sector enerxético, subsector de captación, depuración e distribución de auga, nas actividades produtivas en que se realiza a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións de captación, distribución de auga e saneamento.

XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS E INDUSTRIAIS. Código: **SEAG0108**

Familia profesional: seguridade e medio ambiente.

Área profesional: xestión ambiental.

Nivel de cualificación profesional: 2.

Cualificación profesional de referencia: SEA027_2 Xestión de residuos urbanos e industriais (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, publicado no BOE núm. 59, do 9 de marzo de 2004).

Competencia xeral:

Recoller, transportar, valorizar e eliminar os residuos urbanos e industriais.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Este profesional pode traballar en:

- Comunidades autónomas, concellos e mancomunidades de pequenos municipios.
- Empresas xestoras de residuos dedicadas á preparación para a reutilización ou a reciclaxe.

- Estacións de transferencia de residuos.
- Instalacións de recuperación e tratamento de residuos.
- Vertedoiros e incineradoras.
- Plantas de tratamento químico de residuos.
- Vertedoiros de residuos perigosos.
- Recollida e transporte de residuos.

Sectores produtivos:

Sectores produtivos asociados ao tratamento dos materiais susceptibles de reutilización e reciclaxe.

Sector enerxético.

Está pendente de publicar proximamente o certificado derivado da cualificación de Operacións de estacións de tratamento de augas, moi vinculado con este ámbito.

8.3.8 PROTECCIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS NATURAIS

Hai un certificado publicado relacionado con este ámbito, aínda que temos que apuntar a próxima publicación do denominado Garderío rural e marítimo. Na actualidade contamos co seguinte:

APROVEITAMENTOS FORESTAIS. Código: **AGAR0108**

Familia profesional: Agraria.

Área profesional: Forestal.

Nivel de cualificación profesional: 2.

Cualificación profesional de referencia: AGA343_2 Aproveitamentos forestais (RD 108/2008, do 1 de febreiro).

Competencia xeral:

Realizar as operacións necesarias para o aproveitamento dos produtos forestais, manexando os equipos, as máquinas e ferramentas en condicións de seguridade e saúde, aplicando criterios de calidade e de rendibilidade económica, respectando a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

Contorno profesional

Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional en grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, tanto por conta allea como por conta propia, dedicadas aos aproveitamentos forestais.

Sectores produtivos:

Sitúase no sector agrario, dentro do subsector forestal, nas seguintes actividades produtivas:

Empresas que realicen traballos de aproveitamentos de madeiras, cortiza e leñas.

Empresas que realicen traballos en altura nas árbores.

8.3.9 ENERXÍAS RENOVABLES

A ocupación con mellores perspectivas neste ámbito é a de Montador de placas de enerxía solar, e estaría relacionada co seguinte certificado:

MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS. Código: **ENAE0208**

Familia profesional: Enerxía e auga.

Área profesional: Enerxías renovables.

Nivel de cualificación: 2.

Cualificación profesional de referencia: ENA190_2 Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas (RD 1228/2006, do 27 de outubro de 2006).

Competencia xeral: Realizar a montaxe, posta en servizo, operación e mantemento de instalacións solares térmicas, coa calidade e seguridade requiridas e cumprindo a normativa vixente. Estas actividades realizaranse baixo a supervisión dun técnico que posúa o carné profesional en instalacións térmicas de edificios (RITE).

Contorno profesional:

Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional nas pequenas, medianas e grandes empresas, públicas ou privadas, dedicadas a realizar a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións solares térmicas para a produción de auga quente sanitaria ou para o apoio a sistemas de calefacción e outros usos.

Sectores produtivos:

Sitúase no sector enerxético, subsector de enerxías renovables, nas actividades produtivas en que se realiza a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións solares térmicas para a produción de auga quente sanitaria ou para o apoio a sistemas de calefacción e outros usos.

8.3.10 AGROGANDEIRO

O sector agrario vai incrementado a súa contratación nos últimos anos; non obstante, as ocupacións que aparecen con boas perspectivas pertencen a traballos pouco cualificados, clasificados como de peonaxe.

Existen varios certificados de profesionalidade de nivel 1 que cobren estes perfís profesionais:

ACTIVIDADES AUXILIARES EN AGRICULTURA. Código: **AGAX0208**

Familia profesional: Agraria.

Nivel de cualificación profesional: 1.

Cualificación profesional de referencia: AGA 163_1 Actividades auxiliares en agricultura (RD 1228/2006, do 27 de outubro, BOE do 3 de xaneiro de 2007).

Competencia xeral:

Executar operacións auxiliares en cultivos agrícolas seguindo instrucións de superiores ou plan de traballo, e cumprindo as medidas de prevención de riscos laborais, calidade e protección do medio ambiente.

Contorno profesional:Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional na área de produción en grandes, medianas e pequenas empresas, tanto públicas, no ámbito da Administración local, autonómica ou estatal, como privadas, dedicadas ao cultivo agrícola. Así mesmo, está capacitado para realizar tratamentos praguicidas a nivel básico, segundo a actividade regulada pola normativa correspondente.

Sectores produtivos:

Sitúase no sector agrario, dentro do subsector agrícola, nas seguintes actividades produtivas:

- Explotacións extensivas.
- Explotacións intensivas.
- Explotacións hortícolas.
- Explotacións frutícolas.
- Explotacións de cultivos herbáceos.
- Explotacións de flor cortada.

ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINARÍA.

Código: **AGAO0108**

Familia profesional: Agraria.

Nivel de cualificación profesional: 1.

Cualificación profesional de referencia: AGA164_1: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaria (RD 1228/2006, do 27 de outubro de 2006, BOE do 3 de xaneiro de 2007).

Competencia xeral:

Executar operacións auxiliares para a implantación e mantemento de xardíns, parques e zonas verdes, así como para a produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaria, seguindo instrucións de superiores ou plan de traballo, cumprindo coas medidas de prevención de riscos laborais, calidade e protección do medio ambiente.

Contorno profesional:Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional en empresas públicas, xa sexa da Administración local, autonómica ou xeral do Estado, na área de medio ambiente, así como en empresas privadas dedicadas á instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, e á produción de plantas. Así mesmo, está capacitado para realizar tratamentos praguicidas con nivel básico, segundo a actividade regulada pola normativa correspondente.

Sectores produtivos:

Sitúase no sector agrario, dentro do subsector de xardinaría, nas seguintes actividades produtivas:

- Servizos públicos de parques, xardíns e zonas verdes.
- Empresas de xardinaría.
- Viveiros e centros de xardinaría.

ACTIVIDADES AUXILIARES EN GANDARÍA. Código: **AGAX0108**

Familia profesional: Agraria.

Nivel de cualificación profesional: 1.

Cualificación profesional de referencia: AGA 224_1 Actividades auxiliares en gandaría (RD 665/2007, do 25 de maio, BOE do 13 de xuño de 2007).

Competencia xeral:

Executar as operacións auxiliares en explotacións gandeiras, seguindo instrucións de superiores ou plan de traballo, atendendo a criterios de calidade, benestar animal, prevención de riscos laborais, protección do medio ambiente e seguridade alimentaria.

Contorno profesional:Ámbito profesional:

Desenvolve a súa actividade profesional por conta allea, na área ou departamento de produción de grandes, medianas e pequenas explotacións gandeiras, de ámbito público ou privado.

Sectores produtivos:

Sitúase no sector agrario, dentro do subsector gandeiro, nas seguintes actividades produtivas:

- Explotacións agropecuarias.
- Explotacións de gando bovino.
- Explotacións de gando ovino e caprino.
- Explotacións de gando porcino.
- Explotacións cunículas.
- Explotacións avícolas.
- Explotacións de gando equino.
- Outras explotacións gandeiras.

8.3.11 MARÍTIMO-PESQUEIRA

Esta familia profesional ten previsto publicar moitos certificados de profesionalidade a curto prazo.

Citaremos entre outros os seguintes:

- Operacións subacuáticas de reparación a flote e replotación (nivel 2)
- Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura (nivel 2)
- Operacións en pesca e transporte marítimo (nivel 1)

8.3.12 ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS

Esta actividade económica caracterízase polo seu carácter transversal. Así mesmo, debemos salienta-
r o feito de que os postos de traballo dispoñibles son ocupados, en moitas ocasións, por titulados
universitarios da rama de dirección de empresas. En calquera caso, atopamos oportuno incluír un
certificado de profesionalidade moi relacionado coas ocupacións destacadas neste apartado, ao
que lle corresponde un nivel 3 de cualificación.

FINANCIAMENTO DE EMPRESAS. Código: **ADGN0108**

Familia profesional: Administración e xestión.

Área profesional: Finanzas e seguros.

Nivel de cualificación profesional: 3.

Cualificación profesional de referencia: ADG157_3 Xestión financeira (RD 295/2004, modificado
polo RD 107/2008, do 1 de febreiro).

Competencia xeral:

Xestionar e contratar os servizos, produtos e activos financeiros necesarios, obtendo a información
destes e determinando as necesidades financeiras da organización, e realizar o control orzamen-
tario de tesouraría, contribuíndo ao desenvolvemento habitual da actividade empresarial, respec-
tando os procedementos internos e normas legais, e atendendo ás debidas condicións de calidade,
seguridade e protección do medio ambiente.

Contorno profesional:

Ámbito profesional:


Desenvolve a súa actividade no departamento financeiro en empresas grandes ou no departamento
de administración en pemes, tanto públicas como privadas, exercendo as súas competencias baixo
supervisión, que, dependendo do grao de desenvolvemento destas, pode ser do titular ou xerente da
empresa, xefe do departamento financeiro, xefe de administración, controller ou tesoureiro. Podería
desenvolver determinadas actividades en entidades do sector financeiro.

Sectores produtivos:

Todos.

Tamén debemos indicar a próxima publicación dun certificado da familia de comercio e márketing
denominado **asistencia á investigación de mercados**, relacionada coa ocupación de técnico supe-
rior en investigación de mercados, incluída no grupo ocupacional analizado dentro desta activida-
de económica.

**Síntese final
e conclusións**



9.1. SÍNTESE FINAL DE RESULTADOS

A aplicación dos indicadores manexados neste estudo condúcenos a considerar a implementación en Galicia dunha serie de ámbitos dos denominados novos filóns de emprego, así como a considerar a existencia doutros posibles nichos de emprego na nosa comunidade autónoma. A modo de síntese, os resultados serían os que seguen:

Servizos socioculturais e á comunidade

Esta familia profesional é a que recolle as **maiores oportunidades de emprego** na actualidade: *atención á infancia, animación comunitaria, asistencia social e os servizos á dependencia*.

Por citar algunhas das ocupacións máis significativas:

- Técnicos de educación infantil
- Coidador de nenos
- Coidador-acompañante de bus escolar
- Vixilante de comedor escolar
- Monitores de tempo libre e socioculturais
- Educador social
- Terapeutas ocupacionais
- Auxiliar de axuda a domicilio
- Coidador de diminuídos físicos-psíquicos e sensoriais
- Animador xeriátrico

A incorporación da muller á vida laboral e o envellecemento da poboación galega motivan en gran parte o éxito deste tipo de ocupacións, moitas delas asociadas á proliferación de residencias de anciáns, centros de día, e o auxe de actividades e servizos escolares e extraescolares que axudan á conciliación da vida familiar e laboral.

Como nota negativa, debemos apuntar o aumento da demanda de persoas que queren traballar en ocupacións relacionadas con servizos de dependencia; non obstante tanto, a realización dos novos certificados de profesionalidade vinculados a esta área proporciona unha vantaxe competitiva á hora de buscar un traballo.

Turismo

A potenciación do turismo en Galicia é unha baza que debemos considerar pola riqueza en recursos tanto naturais como culturais da nosa comunidade. Hai unha serie de actividades en auxe, como serían: *o desenvolvemento turístico, a xestión de axencias de viaxes e os traballos de guías e acompañamentos de grupos turísticos*.

Queremos incidir na idea de que esta actividade non xera por si mesma moito emprego, pero si serve para estimular a área de hostalaría, e outras actividades que se verían beneficiadas, como os transportes ou o comercio.

Seguridade e medio ambiente

As ocupacións de *protección e seguridade do medio ambiente*: axentes forestais, técnicos en protección civil, gardeses, presentan un auxe moi importante nos últimos anos; no entanto, debemos destacar que a maior contratación parte da propia Administración pública, que oferta as súas prazas de emprego público. Tamén destacan os peóns forestais, ocupación vinculada co medio ambiente e coa actividade propia de silvicultura.

Por outra banda, o tratamento de residuos urbanos e de augas é unha actividade en ascenso, aínda que forma parte do grupo de ocupacións cun discreto volume contractual e escasa xeración de emprego.

Deportes

A actividade da *animación deportiva* presenta boas perspectivas de emprego, así como os guías de aventura, que poden atopar unha boa oportunidade no estímulo do turismo de natureza.

Mellora e conservación de vivenda

O sector da edificación está fortemente prexudicado na actual situación económica. En calquera caso, o que si podemos constatar é un certo mantemento de actividades relacionadas coa mellora e conservación da vivenda, destacando especialmente ocupacións como: colocador de prefabricados lixeiros, apuntalador de edificios, montador de estadas, todas elas incluídas dentro do grupo ocupacional de “outros traballadores nas obras estruturais da construción”. Por outra banda, vanse consolidando outras actividades, como: *limpeza de fachadas, instalación de ascensores e colocación de placas de enerxía solar*, todas elas con boas perspectivas na actual situación de crise, pero con escaso volume contractual en termos absolutos.

Transportes colectivos locais

Mentres que os condutores de camión están acusando os efectos da actual situación económica, afectados en gran medida pola caída da construción, o certo é que os condutores de autobuses mostran un comportamento moi diferente. Os *transportes públicos* seguen potenciándose, así como a proliferación de buses escolares.

Novas tecnoloxías da información e comunicación

Este sector non xera moita contratación en Galicia, pero presenta unhas boas perspectivas e un emprego estable e de calidade. Estaría asociado aos licenciados/diplomados das licenciaturas relacionadas, así como tamén a traballadores con formación profesional destas disciplinas.

Á marxe dos denominados filóns de emprego, atopamos un grupo de ocupacións destacadas de baixa cualificación orientadas ao sector primario, xunto con persoal máis técnico e profesionais altamente cualificados.

Sector primario

En contraposición co auxe de certos profesionais altamente cualificados, nos últimos anos atopamos un forte crecemento do emprego en traballos do sector primario de baixa cualificación correspondéndose co denominado nivel 1 de coñecementos básicos. Estes son os peóns agrarios, peóns gandeiros, peóns da pesca, mariñeiros de cuberta e os operadores de maquinaria agrícola. Curiosamente, os peóns gandeiros presentan unha das taxas de contratación indefinida máis alta, xunto cos mariñeiros de cuberta, mentres que os outros peóns citados mostran unha gran temporalidade.

No que respecta ao sector marítimo-pesqueiro, tamén destacan os oficiais maquinistas e, en menor medida, os mergulladores, que, a diferenza dos anteriores, non presentan un volume contractual significativo en termos absolutos.

Fabricación mecánica

É a única rama da industria que non se resente da actual situación económica e proporciona resultados positivos no que respecta aos operadores de máquinas-ferramenta e ensambladores de produtos metálicos. Estes últimos non reflicten un volume contractual relevante.

Persoal cualificado

Dada a transversalidade do sector de administración e xestión, a actual situación económica non lle afecta en tan gran medida, manténdose o emprego para os auxiliares administrativos e os secretarios. No entanto, queremos destacar o auxe de certo emprego cualificado orientado cara á *investigación de mercados e análise de riscos*. Así mesmo, destaca positivamente o campo das *enxeñarías*, apuntando novamente cara a empregos en postos de traballo cualificados.

9.2. CADRO-RESUMO

Presentamos, a modo de conclusión sintética, unha táboa que recolle o conxunto de grupos ocupacionais con boas perspectivas de emprego, indicando o perfil das persoas contratadas e o volume contractual do que falamos (cando o número de contratados non supere o 0,10% fixado na metodoloxía aplicada, indicamos o termo de **contratación pouco significativa**). Así mesmo, collemos como referencia a taxa de contratación indefinida en Galicia (aproximadamente 10%) para o ano 2009, establecendo a seguinte gradación:

Menos do 10%	Contratación indefinida baixa
10%	Contratación indefinida media
Máis do 10% e menos do 20%	Contratación indefinida alta
Máis do 20%	Contratación indefinida moi alta

Así mesmo, incluímos as ocupacións a que se refire o grupo (información contida no anexo I) e os certificados de profesionalidade publicados e próximos a publicar relacionados).

O **cadro-resumo** que presentamos a continuación vén ordenado de máis a menos contratación:

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECIMENTO			
GRUPOS OCUPACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Animadores comunitarios	<ul style="list-style-type: none"> • 4.938 contratados • Muller • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi baixa (3%) • Actividades deportivas 	<ul style="list-style-type: none"> • Animador comunitario, en xeral • Animador sociocultural • Coordinador de tempo libre • Monitor sociocultural • Monitor de servizos á comunidade • Monitor de educación e tempo libre • Promotor de cursos de cultura e ocio 	<ul style="list-style-type: none"> - Cualificación SSC321_3 Dinamización comunitaria. Nivel 3. (Non está previsto publicar neste ano o certificado)
Peóns forestais	<ul style="list-style-type: none"> • 4.304 contratados • Home • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi baixa (3%) • Silvicultura e explotación forestal 	<ul style="list-style-type: none"> • Peón forestal 	<ul style="list-style-type: none"> - AGAR0108 Aproveitamentos forestais. Nivel 2. - Cualificación AGA398_1 Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais. Nivel 1. (Pendente de publicar o certificado) - Cualificación AGA399_1 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. Nivel 1. (Pendente de publicar o certificado)
Asistentes domiciliarios	<ul style="list-style-type: none"> • 4.016 contratados • Muller • 36-45 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida baixa (6%) • Actividades de servizos sociais sen aloxamento 	<ul style="list-style-type: none"> • Animador xeriátrico • Asistente domiciliario/ Auxiliar de axuda a domicilio 	<ul style="list-style-type: none"> - SSCS0108 Atención sociosanitaria a persoas no domicilio. Nivel 2.
Peóns agrícolas	<ul style="list-style-type: none"> • 3.779 contratados • Home • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida baixa (7%) • Agricultura, gandaría, caza e silvicultura 	<ul style="list-style-type: none"> • Peón agrícola, en xeral • Peón agrícola, xardinaría 	<ul style="list-style-type: none"> - AGAX0208 Actividades auxiliares en agricultura. Nivel 1. - AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría. Nivel 1.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECEMENTO			
GRUPOS OCUPACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Empregados para o coidado de nenos	<ul style="list-style-type: none"> • 3.457 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida baixa (8%) • Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas 	<ul style="list-style-type: none"> • Coidador de nenos • Coidador de gardaría infantil/Coidador de centro de educación infantil • Coidador-acompañante de autobús escolar • Vixilante de comedor escolar/Coidador de comedor escolar 	
Deportistas e profesionais similares	<ul style="list-style-type: none"> • 2.339 contratados • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (14%) • Actividades deportivas 	<ul style="list-style-type: none"> • Deportistas profesionais, en xeral • Patrón de embarcacións deportivas, de motor • Patrón de embarcacións deportivas de vela • Monitor artes marciais, karate e outros • Monitor e/ou animador deportivo • Monitor de judo • Monitor de equitación • Monitor de mantemento físico • Monitor de aeróbic e similares • Monitor de aparellos de ximnasio • Adestrador deportivo • Preparador físico • Arbitro e/ou xuíz deportivo • Xestor de centro deportivo 	<ul style="list-style-type: none"> - AFD097_3 Acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i> - AFD162_3 Acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>
Guías e azafatas de terra	<ul style="list-style-type: none"> • 2.056 contratados • Muller • Menores de 26 anos • BUP/Bacharelato superior/COU • Contratación indefinida moi baixa (2%) • Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas 	<ul style="list-style-type: none"> • Azafata ou auxiliar de terra, en xeral • Azafata ou auxiliar de congresos e exposicións • Asistente acompañante de grupo turístico (A.G.T.) • Guía de turismo • Guía de reservas naturais 	<ul style="list-style-type: none"> - HOT335_3 Guía de turistas e visitantes. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>
Condutores de autobuses	<ul style="list-style-type: none"> • 1.855 contratados • Home • 36 a 45 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (16%) • Transporte terrestre e por tubaxe 	<ul style="list-style-type: none"> • Conductor de autobús, en xeral • Conductor de autobús urbano • Conductor de autobús interurbano • Conductor de autobús internacional • Conductor de tranvía 	

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECEMENTO			
GRUPOS OCUACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Outros traballadores de obras estruturais da construción	<ul style="list-style-type: none"> • 1.719 contratados • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida media (10%) • Actividades de construción especializada 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntalador de edificios • Demoledor de edificios • Colocador de prefabricados lixeiros (construción)/ Colocador de pladur • Montador de estadas • Montador de toldos • Montador de cercados e valos metálicos • Poceiro en redes de saneamento • Traballador da construción a grandes alturas 	
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	<ul style="list-style-type: none"> • 1.315 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida media (10%) • Actividades sanitarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Celador de centro sanitario e/ou padioleiro • Coidador de discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais 	- SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións públicas. Nivel 2.
Oficiais maquinistas	<ul style="list-style-type: none"> • 1.236 contratados • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (17%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Xefe de máquinas de buque mercante • Maquinista naval/Oficial de máquinas de buque mercante • Frigorista naval • Mecánico naval/Oficial de máquinas de buque de pesca • Mecánico de litoral (motorista naval) 	
Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	<ul style="list-style-type: none"> • 1.133 contratados • Home • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi alta (27%) • Pesca e acuicultura 	<ul style="list-style-type: none"> • Contramestre de cuberta (agás pesca) • Mariñeiro de cuberta (agás pesca)/Mariñeiro de iate • Mozo de cuberta • Bombeiro de buques especializados/Operador de bombas en buques especializados 	- MAP004_1 Operacións en pesca e transporte marítimo. Nivel 1. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>
Operadores de máquinas-ferramenta	<ul style="list-style-type: none"> • 1.113 contratados • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (11%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Operadores de máquinas-ferramenta de labrar metais, en xeral • Operador torneiro-fresador (fabricación)/Torneiro-fresador • Operadores de torno • Operador de mantemento de máquinas-ferramenta para traballar metais, en xeral 	

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECEMENTO			
GRUPOS OCUPACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Técnicos en educación infantil	<ul style="list-style-type: none"> • 1.075 contratados • Muller • 26-35 anos • Formación profesional • Contratación indefinida alta (19%) • Educación 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnico en educación infantil • Técnico en estimulación precoz/Estimulador precoz 	<ul style="list-style-type: none"> - SSC322_3 Educación infantil. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>
Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	<ul style="list-style-type: none"> • 1.066 contratados • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi baixa (3%) • Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Axente forestal/Axente de medio ambiente • Garda de coutos de caza e/ou pesca/Garda de caza/Gardapesca marítimo/Garda particular de campo • Garda de rega • Celador gardapeiraos • Técnico en protección civil 	<ul style="list-style-type: none"> - SEA130_2 Garderío rural e marítimo. Nivel 2. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i> - Cualificación SEA030_3 Control e protección do medio natural. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>
Educadores sociais	<ul style="list-style-type: none"> • 1.034 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida alta (13%) • Educación 	<ul style="list-style-type: none"> • Educador social • Educador de menores/Técnico en atención ao menor • Educador de rúa • Educador de familia/Traballador de familia 	<ul style="list-style-type: none"> - Hai un certificado pendente de publicar denominado Educación de habilidades de autonomía persoal e social; non obstante, sería de nivel 3, inferior a unha titulación universitaria.
Operadores de maquinaria agrícola móbil	<ul style="list-style-type: none"> • 819 contratados • Home • 26- 35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (11%) • Silvicultura e explotación forestal 	<ul style="list-style-type: none"> • Condutor-operador de maquinaria agrícola con motor, en xeral • Manipulador de colleitadoras, en xeral • Tractorista-manipulador agrícola • Condutor-operador de maquinaria forestal con motor, en xeral 	
Outros profesionais en organización e administración de empresas	<ul style="list-style-type: none"> • 680 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida moi alta (25%) • Investigación e desenvolvemento 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnico superior en organización e administración de empresas, en xeral • Técnico superior en investigación de mercados • Analista orzamentario e/ou de riscos • Asesor de empresas/Consultor de empresas 	<ul style="list-style-type: none"> - ADGN0108 Financiamento de empresas. Nivel 3. - COM312_3 Asistencia á investigación de mercados. Nivel 3. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i> - Estes certificados son de nivel 3, inferior a unha titulación universitaria.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECEMENTO			
GRUPOS OCUPACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Técnicos en empresas e actividades turísticas	<ul style="list-style-type: none"> • 661 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida alta (14%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnico en empresas e actividades turísticas, en xeral • Técnico en información turística • Axente de desenvolvemento turístico • Técnico medio en recursos humanos, en xeral • Técnico medio en orientación profesional • Técnico medio en publicidade e/ou relacións públicas • Técnico medio en organización e administración de empresas, en xeral • Técnico medio en investigación de mercados • Técnico en organización de feiras e eventos 	<ul style="list-style-type: none"> - HOTG0108 Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos. Nivel 3. - HOTI0108 Promoción turística local e información ao visitante. Nivel 3.
Peóns gandeiros	<ul style="list-style-type: none"> • 606 contratados • Home • 26-35 anos • Certificados de escolaridade • Contratación indefinida moi alta (31%) • Agricultura, gandería, caza e silvicultura 	<ul style="list-style-type: none"> • Peón gandeiro, en xeral • Mozo de corte 	<ul style="list-style-type: none"> - AGAX0108 Actividades auxiliares en gandería. Nivel 1.
Peóns da pesca	<ul style="list-style-type: none"> • 561 contratados • Home • Menores de 26 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida baixa (9%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Peón de acuicultura 	
Profesores de ensino infantil	<ul style="list-style-type: none"> • 543 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida alta (19%) • Educación 	<ul style="list-style-type: none"> • Mestre de educación infantil/Profesor de educación infantil 	

ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON BOAS PERSPECTIVAS DE CRECEMENTO			
GRUPOS OCUPACIONAIS	Caracterización da contratación no ano 2009	Ocupacións	Certificado de profesionalidade/Cualificación relacionada
Outros enxeñeiros superiores (excepto agropecuarios)	<ul style="list-style-type: none"> • 475 contratados • Home • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida moi alta (33%) • Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicas 	<ul style="list-style-type: none"> • Enxeñeiro ambiental • Enxeñeiro de calidade • Enxeñeiro de investigación e desenvolvemento • Enxeñeiro de deseño • Enxeñeiro de fabricación ou planta • Enxeñeiro de instalacións • Enxeñeiro de loxística • Enxeñeiro de mantemento e reparación • Enxeñeiro de materiais • Enxeñeiro de montaxe • Enxeñeiro de organización industrial • Enxeñeiro de procesos • Enxeñeiro de planificación e produción • Enxeñeiro de produto • Enxeñeiro de proxectos • Enxeñeiro de seguridade • Enxeñeiro de servizos • Enxeñeiro en papeleira e gráfica • Enxeñeiro téxtil 	
Outros profesionais de nivel medio de informática	<ul style="list-style-type: none"> • 451 contratados • Home • 26-35 anos • Formación profesional • Contratación indefinida moi alta (26%) • Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática 	<ul style="list-style-type: none"> • Enxeñeiro técnico de informática, en xeral • Enxeñeiro técnico en informática de sistemas • Enxeñeiro técnico en informática de xestión • Técnico medio en mantemento e reparación informática 	- Hai varios certificados pendentes de publicar da área de informática de nivel 3.
Xefes de cociñeiros, de camareiros e asimilados	<ul style="list-style-type: none"> • 432 contratados • Muller • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi alta (34%) • Servizos de comidas e bebidas 	<ul style="list-style-type: none"> • Xefe de cociña (hostalaría) • Xefe de partida (hostalaría) • Xefe de comedor ou mestresala • Xefe de barra en bar ou cafetería • Xefe de servizo de viños/ Sumiller 	- HOT332_3 Dirección e produción en cociña. Nivel 3. (Pendente de publicar o certificado)

A continuación veñen sinaladas aquelas ocupacións con boas perspectivas pero con contratación pouco significativa no conxunto de Galicia:

Outros profesionais de nivel superior de informática	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida moi alta (29%) • Educación 	<ul style="list-style-type: none"> • Enxeñeiro informático • Auditor- asesor informático/ Consultor informático • Técnico superior de mantemento e reparación de equipos informáticos 	<ul style="list-style-type: none"> - Hai varios certificados pendentes de publicar da área de informática; no entanto, serían de nivel 3, inferior a unha titulación universitaria.
Montadores de placas de enerxía solar	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (13%) • Actividades de construción especializada 	<ul style="list-style-type: none"> • Montadores de placas de enerxía solar 	<ul style="list-style-type: none"> - ENAE0208 Montaxe de mantemento de instalacións solares térmicas. Nivel 2.
Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida baixa (9%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Ensamblador de produtos metálicos, en xeral • Ensamblador de produtos metálicos, de caucho ou plástico en cadea de montaxe • Montador en liñas de ensamblaxe de automoción 	
Analistas de aplicacións e programadores informáticos de nivel medio	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Formación profesional • Contratación indefinida moi alta (38%) • Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática 	<ul style="list-style-type: none"> • Analista de aplicacións, nivel medio • Analista de sistemas, nivel medio • Analista-programador, nivel medio 	<ul style="list-style-type: none"> - Hai varios certificados pendentes de publicar da área de informática de nivel 3.
Mergulladores	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Certificado de escolaridade • Contratación indefinida media (10%) • Actividades relacionadas co emprego 	<ul style="list-style-type: none"> • Mergullador, en xeral • Mariñeiro-mergullador • Mergullador (construción) • Mergullador-soldador-oxicortador • Mergullador (salvamento) 	<ul style="list-style-type: none"> - MAP010_2 Operacións subacuáticas de reparación a flote e reflotación. Nivel 2. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i> - MAP011_2 Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura. Nivel 2. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>

<p>Persoal de limpeza de fachadas de edificios</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Muller • 36-45 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida alta (12%) • Servizos de edificios e actividades de xardinaría 	<ul style="list-style-type: none"> • Limpador de fachadas, en xeral 	
<p>Operadores en instalacións de incineración, de tratamento de augas e outros operadores en plantas similares</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida media (10%) • Recollida, tratamento e eliminación de residuos; valorización 	<ul style="list-style-type: none"> • Operador instalacións de tratamento e eliminación de residuos (agás radioactivos), en xeral • Operador de planta de tratamento de residuos sólidos urbanos • Operador de mantemento en plantas de incineración de residuos • Operador de planta de captación de auga, en xeral • Operador de mantemento en plantas de captación de auga • Operador de planta de tratamento e depuración de auga, en xeral • Operador de planta de tratamento de augas residuais • Operador de sistemas de distribución de auga • Operador de gasoduto • Operador de sistemas de distribución de gas • Operador de planta de refrixeración • Operador de planta de ventilación e calefacción • Operador de planta de aire acondicionado • Operador de equipos compresores de gas • Operador de equipos compresores de aire • Operador de equipos compresores de frío • Operador de equipos en estación de bombeo (excepto petróleo e gas natural) 	<ul style="list-style-type: none"> - ENAT0108 Montaxe e mantemento de redes de auga. Nivel 2. - SEAG0108 Xestión de residuos urbanos e industriais. Nivel 2. - SEA026_2 Operación de estacións de tratamento de augas. Nivel 2. <i>(Pendente de publicar o certificado)</i>

Terapeutas ocupacionais	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Muller • Menores de 26 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida moi alta (22%) • Asistencia en establecementos residenciais 	<ul style="list-style-type: none"> • Terapeuta ocupacional 	
Empregados en axencias de viaxes	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Muller • 26-35 anos • Titulación ensinanza obrigatoria • Contratación indefinida moi alta (22%) • Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes 	<ul style="list-style-type: none"> • Empregado en axencias de viaxes, en xeral • Empregado de produto de axencias de viaxe • Empregado de vendas de axencias de viaxe 	- HOTG0208 Venda de produtos e servizos turísticos
Axentes de igualdade de oportunidades para a muller e outros diplomados en traballo social	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Muller • 26-35 anos • Titulados universitarios • Contratación indefinida alta (11%) • Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria 	<ul style="list-style-type: none"> • Axente de igualdade de oportunidades, en xeral • Axente de igualdade de oportunidades para a muller 	
Montadores e empalmadores de cables	<ul style="list-style-type: none"> • Contratación pouco significativa • Home • Menores de 36 anos • Certificado de escolaridade • Contratación indefinida media (10%) • Actividades de construción especializadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Montador-instalador de ascensores • Montador-instalador de aparellos de elevación, agás construción • Montador-instalador de aparellos de elevación (construción) • Montador-instalador de cables, cordas e/ou poleas 	

9.3. CONCLUSIÓNS

A actual situación socioeconómica repercute directamente na evolución das variables que caracterizan o mercado laboral galego, experimentándose cambios substanciais con respecto ao acontecido ata o ano 2007.

Nos últimos dous anos analizados (2008 e 2009) os sectores que tradicionalmente creaban máis postos de traballo (construción, comercio, transportes) sofren en primeira persoa os efectos da crise económica, unha crise que supón un cambio substancial nas estruturas produtivas de Galicia e que implica un efecto negativo non previsto nin nos peores escenarios de previsións econométricas.

O aumento do paro como consecuencia desta situación fai que pensem no estudo de posibles nichos de emprego que sirvan para paliar os efectos negativos desta situación e permitan detectar oportunidades de negocio e novas saídas profesionais.

